



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 5

Sesión Plenaria
22 de novembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016 (arts. 57 e 59 do Regulamento do Parlamento de Galicia)

Punto 2. Proposicións non de lei en Pleno

2.1 360 (10/PNP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

2.2 545 (10/PNP-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 8, do 07.11.2016

2.3 556 (10/PNP-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.4 577 (10/PNP-000028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e dous deputados/as máis

Sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.5 605 (10/PNP-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnizacións por remate de contratos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.6 669 (10/PNP-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.7 714 (10/PNP-000049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

2.8 730 (10/PNP-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e trece deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da realización das adaptacións tecnolóxicas necesarias para compatibilizar os dispositivos de cobramento do transporte urbano Vitrasa coa tarxeta Transporte Metropolitano de Galicia. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

Punto 3. Interpelacións

3.1 375 (10/INT-000001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa exclusión social e a pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

3.2 480 (10/INT-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos desafiuzamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 7, do 04.11.2016

3.3 649 (10/INT-000009)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desemprego e a precariedade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**4.1 1120 (10/POPX-000001)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.2 1127 (10/POPX-000002)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos cambios normativos previstos no ámbito educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.3 1147 (10/POPX-000003)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas consecuencias socioeconómicas que tería a segregación e venda de activos da empresa Ferroatlántica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 5. Preguntas ao Goberno**5.1 411 (10/POP-000015)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e Pierres López, María Luisa**

Sobre o anuncio de investimento de máis de 15 millóns de euros para ampliar a estación depuradora dos Praceres, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

5.2 1118 (10/PUP-000032)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da instalación de vertedoiros, como o previsto en Lousame, como alternativa de futuro viable para os residuos industriais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

5.3 740 (10/POP-000107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime, e catro deputados/as máis

Sobre a resposta que lle están a dar os concellos galegos ao Programa de vivendas baleiras posto en marcha pola Xunta de Galicia na novena lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.4 355 (10/POP-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a adquisición pola Xunta de Galicia do compromiso de adoptar as medidas legais axeitadas para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

5.5 572 (10/POP-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a segregación pola empresa Ferroatlántica das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.6 609 (10/POP-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación que están a vivir as persoas paradas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.7 758 (10/POP-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopa o ensino galego no referido ao desenvolvemento do curso académico 2016-2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

5.8 1146 (10/PUP-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación das re-válidas de 2º de bacharelato establecidas na LOMCE para o curso 2016-2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

5.9388 (10/POP-000010)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

SUMARIO

Ábrese a sesión ás cinco e dous minutos da tarde.

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia.

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do previsto no artigo 5 do Regulamento, o señor presidente indícalle á señora secretaria da Mesa que proceda ao chamamento da nova deputada e dos novos deputados para que presten promesa ou xuramento. (Páx. 10.)

A señora secretaria (Arias Rodríguez) procede ao chamamento. (Páx. 10.)

Logo de prestar xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, dona María Ángeles Antón Vilasánchez, don Silvestre José Balseiros Guinarte, don Antonio Mouriño Villar, don José Alberto Pazos Couñago e don Daniel Vega Pérez acadan a condición plena de deputada e deputados do Parlamento de Galicia. (Páx. 10.)

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunícalle á Cámara que no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 14, do 15 de decembro de 2016, se dá conta da relación de asuntos tratados pola Deputación Permanente desde a disolución da IX lexislatura o 2 de agosto de 2016, e que tanto as deputadas ou os deputados como os grupos parlamentarios poderán formular, de acordo co disposto no artigo 57 do Regulamento, obxeccións contra a vixencia dos devanditos acordos dentro dun prazo de quince días a partir do día da data. Así mesmo, trasládalles que, de se produciren, se lles dará o trámite establecido no apartado 3 do dito artigo. (Páx. 11.)

A continuación anuncia o debate acumulado das seguintes iniciativas. (Páx. 11.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 12.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 17.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 19.)*

Nova intervención da señora Solla Fernández (EM) (Páx. 21.) e do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 24.)*
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 27.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 29.)*
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 31.)*

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 35.)*
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 37.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 38.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 40.)*

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnización por remate de contratos laborais. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 44.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 46) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 50.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 55.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 56.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunícalle á Cámara que esta iniciativa se publicou pola vía de urxencia no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 10, con data do 9 do novembro de 2016.

Así mesmo, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 66.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 68.) e *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 69.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 71.)

Suspéndese a sesión ás oito e dezasete minutos da noite.

Ábrese a sesión ás cinco e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Imos escomezar a sesión, por favor.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia dona Patricia Vilán Lorenzo e dona María Luisa Pierres López.

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE: Entramos xa na orde do día. Como punto preliminar, a promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, todo isto dando cumprimento ao previsto no artigo 5 do Regulamento.

Procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova e novos deputados, en substitución da deputada e dos deputados que causaron baixa.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que faremos dende esta Presidencia.

Prégolle á secretaria, dona Raquel Arias, que faga o chamamento da señora deputada e dos señores deputados, para que dende o propio escano contesten á pregunta que lle formula esta Presidencia.

Señora e señores deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

Señora secretaria.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

¿Dona María Ángeles Antón Vilasánchez?

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Si, prometo.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): ¿Don Silvestre José Balseiros Guinarte?

O señor BALSEIROS GUINARTE: Si, prometo.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): ¿Don Antonio Mouriño Villar?

O señor MOURIÑO VILLAR: Si, prometo.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): ¿Don José Alberto Pazos Couñago?

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, prometo.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): ¿Don Daniel Vega Pérez?

O señor VEGA PÉREZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha vez prestada promesa ou xuramento, adquiren a condición plena de deputada e deputados desta Cámara. Benvidos, por suposto.

Segundo punto.

Dación de conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente desde a disolución da Cámara o 2 de agosto de 2016

O señor PRESIDENTE: Conforme os artigos 57 e 59 do Regulamento, participólles ás súas señorías que no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 14, do 15 de novembro de 2016, publíquese a resolución desta Presidencia dando conta dos asuntos tramitados pola Deputación Permanente dende a disolución da IX legislatura o 2 de agosto de 2016. Subliño que tanto as deputadas e os deputados como os grupos parlamentarios poderán formular, de acordo co disposto no artigo 57 do Regulamento, obxeccións contra a vixencia dos devanditos acordos dentro dun prazo de quince días a partir do día da data. De non producirse, daráselle trámite ao establecido no apartado 3 de dito artigo.

E entramos xa no debate, neste caso, das proposicións non de lei. En primeiro lugar, debate acumulado das proposicións que figuran en primeiro lugar e en cuarto lugar.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre a reversión polo Goberno galego da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a súa xestión pública

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Escomezamos, polo tanto, co debate das mesmas.

En primeiro lugar, ten a palabra dona Eva Solla polo Grupo de En Marea.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, esta é a primeira iniciativa da lexislatura que teño a honra de poder debater con vostedes aquí. Igualmente, na anterior lexislatura abrimos tamén, precisamente, cunha iniciativa que trataba sobre os dereitos sanitarios e sobre a propia sanidade pública.

En Marea ten un compromiso coa reversión do Álvaro Cunqueiro á sanidade pública, así o ten defendido, e por iso queriamos tamén que esta fose a primeira iniciativa en materia sanitaria que o noso grupo trouxese a debate ao pleno da Cámara. Polo tanto, queriamos cumprir e así o facemos.

Non nos imos cansar, a pesar de que é certo que o debate relativo ao Hospital Álvaro Cunqueiro non é un debate novo. E non nos imos cansar porque comprendemos que a única maneira de asegurar a equidade, a universalidade e a calidade, é a sanidade cento por cento pública. Sen embargo, o Partido Popular decidiu privarnos, dalgunha maneira, dun hospital cento por cento público. Xa o saben as súas señorías e xa o temos debatido noutras ocasións.

Resultaba xa coñecida a circunstancia —cando o Partido Popular optou pola colaboración público-privada— de que esta fórmula, precisamente posta en marcha para outros centros hospitalarios fóra da nosa comunidade, resultaba máis custosa e deixaba os centros en mans da xestión privada. Optar por esta fórmula non era baladí, non era circunstancial. Tiña e ten dous motivos claros e evidentes o afán privatizador. Un. A privatización paulatina da sanidade, mediante o deterioro da calidade prestada. Falaremos despois disto. Dous. Abríndolle o paso ás grandes empresas na xestión da sanidade. E outro, falseando dalgunha maneira —aínda que legal— as contas públicas, porque os criterios de Maastricht e de Eurostat permitían, precisamente, que esta débeda que o Goberno comprometía non computase para a débeda pública, algo que é realmente perverso porque está lastrando os orzamentos sanitarios durante moitísimos anos.

O Goberno do Partido Popular non só foi o que máis endebedou a nosa comunidade non para os servizos públicos, senón para pagar gasto corrente, senón que, ademais, os compromisos de pago establecidos impiden o investimento real na sanidade pública.

Dende o inicio —como xa temos trasladado noutros debates—, o proxecto acumulou múltiples problemas. As dificultades precisamente do sistema financeiro, en contra do que dicía o informe encargado pola Consellería de Sanidade a Pricewaterhousecoopers, traducíronse na imposibilidade de que a unión temporal de empresas acadase o orzamento necesario.

Significou —como xa coñecen as súas señorías— que se atrasase máis dun ano a entrega do hospital, incumprindo —primeiro incumprimento, como xa temos trasladado— os pregos de condicións, que establecían a imposibilidade de prórroga tras trinta e un meses de obra. Tiña que estar entregado en 2014, e non foi ata o 2015 cando tivemos o propio hospital.

Estableceuse un método de estafa, porque os pregos dicían que a risco e ventura da empresa se tiña que financiar a obra e, sen embargo, foi a Administración pública a que rescatou o

beneficio da empresa privada, ben polos créditos do Banco Europeo de Investimentos, ben por un fondo de capital-risco do ICO; é dicir, cartos públicos. Incumpriuse, ademais, ese principio de risco e ventura da empresa, e iso foi, precisamente, o que motivou a denuncia da Asociación en Defensa da Sanidade Pública nos tribunais europeos, esa denuncia que está en trámite. Non sabemos que vai acontecer con ela a nivel xurídico, pero, independentemente diso, sabemos que aquí hai responsables políticos.

O modelo de PFI traduciuse nunha deficiente xestión privada de todos os servizos do hospital. Témolos sobre a mesa: mantemento, provisión enerxética, servizos do centro e un canon que —como xa dixemos— implica que o hospital polo de agora non é noso, senón que o temos en mans dunha empresa privada. Non hai que esquecer que, ademais da xerencia pública, o centro conta cunha xerencia privada, por non dicir que o hospital conta, evidentemente —xa o temos trasladado aquí tamén—, cunha redución importante da superficie dos servizos e do número das camas e cun custo que cuadruplica o custo inicial.

As consecuencias foron negativas dende o comezo. A privatización da cociña, lavandería e mantemento, supuxo unha mobilidade forzosa do persoal fixo, que era público, noutros centros, como pode ser o Hospital Xeral, reconverténdoos a moitas e moitos deles en persoal celador, ao tempo que, incomprensiblemente, a plantilla de celadores e celadoras sufría un recorte das súas capacidades, das súas obrigas, como profesionais, que tivemos que loitar na rúa con elas e con eles e foron elas e eles os que gañaron voltar a ter esas competencias profesionais.

A ausencia do servizo de laboratorio central probablemente sexa o máis grave, o máis importante, e o servizo de esterilización no centro, feitos que comportan, como xa saben as súas señorías, un continuo desprazamento de materiais nun transporte, por suposto, privado.

Todo isto corrouse dalgunha maneira, no ano 2015, cunha ineficiente xestión sanitaria no traslado do propio hospital; ineficiente xestión que foi recoñecida mesmo por parte da Xunta de Galicia. Durante todos estes anos, sindicatos, colectivos sociais e organizacións políticas téñenlle reclamado á Xunta de Galicia a reversión do hospital ao sistema público, só o Partido Popular fica en contra do resto da cidadanía. E o Partido Popular mesmo votou en contra, nesta Cámara, dunha proposta que nese momento trasladou Alternativa Galega de Esquerda de crear unha comisión de investigación para esclarecer onde ían os fondos do hospital, que sucedera co financiamento e por que se estaba a permitir o incumprimento do contido nos pregos de condicións. E, sen embargo, votaron en contra porque son inimigos da verdade.

Ao Parlamento de Galicia trouxéronse diversas propostas para resolver esta situación. Nós non estabamos aquí como En Marea. Eu si tiven o pracer de debater este asunto como deputada de Alternativa Galega de Esquerda.

Déuselles a facilidade de reverter o hospital facéndose cargo dos incumprimentos que acabo de relatar. Ten a Consellería de Sanidade medios e métodos de índole xurídica e administrativa para facerse cargo, pero non quixeron.

Déuselles tamén a proposta, obviamente, de facerse cargo da compra, da adquisición, da sociedade concesionaria. Tampouco quixeron, porque a realidade é que o obxectivo está cum-

prido, o obxectivo era, precisamente, privatizar a sanidade pública. Estaba plantexado dende o inicio, mesmo cando vostedes aprobaron —en solitario, como non— a Lei de garantías de prestación sanitarias, pola que as persoas podían escoller o centro, incluíndo os centros privados, nunha competencia libre cos centros públicos, só para deteriorar a sanidade pública e recortar a súa calidade.

Sucedeu, como xa sucede na actualidade, que a privatización se fai de varias maneiras: primeiro directa, e, segunda, polo que ten que ver cos investimentos. Esa Lei de garantías de prestacións sanitarias acompañouse, como non, da renovación do concerto sanitario con Povisa —90 millóns de euros anuais—, pero, ademais, dunha deterioración da sanidade pública, orquestrada dende a propia Xunta de Galicia, para facilitar, precisamente, que suceda o que está a acontecer a día de hoxe: que máis dun milleiro de persoas solicitan trasladarse da sanidade pública á privada —neste caso a Povisa— porque a deterioración da sanidade pública é patente, a pesar do grande esforzo, do grande traballo, dos nosos profesionais sanitarios, que en ocasións non poden suplir os recortes que a Xunta de Galicia practica. Teñen o negocio redondo: deterioración da sanidade, un hospital privatizado e o transvasamento de cartos á privada.

O señor Feijóo trasladou no debate de... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moito ruído na sala e molesta a quen está no uso da palabra. Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...no debate de investidura, no pasado pleno, que durante o seu mandato se tiñan reducido os concertos privados, e é claramente falso, porque el mesmo falta á verdade do que din os organismos públicos. O Consello Económico e Social de Galicia, no último informe, alertaba dun incremento dun 1,4 das concertadas, chegando ao 19,6 % do orzamentado relativo á atención sanitaria. Son os datos do Consello Económico e Social de Galicia, non son os datos de En Marea.

Aquí estamos, por un lado, privatizando directamente, e, por outro, cuestionando ou deixando en terrible perigo os orzamentos sanitarios, con compromisos de pago ata o ano 2040, e por iso este grupo e esta deputada van defender, se é necesario, cada sesión, durante os vindeiros catro anos, que o hospital poida ser, dunha vez por todas, público, de onde nunca debeu saír.

Máis nada por agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Iniciamos esta lexislatura os socialistas cunha defensa da nosa sanidade pública, coincidente case exactamente no tempo co triste aniversario do falecemento de Ernest Lluch, quen inspirou a nosa política sanitaria dunha sanidade pública. (*Aplausos.*) Nesa defensa imos estar e nesa defensa estaremos. E hoxe traemos aquí un sím-

bolo, o símbolo que é o Hospital Álvaro Cunqueiro.

Fagamos un pouco de historia. O punto de partida deste debate trátase dese modelo de construción público-privada no que existe, é certo, unha aparente vantaxe contable, que é que non computen como débeda pública, dende logo, eses cartos investidos nesa construción. No entanto, este é un punto de partida xa erróneo. Porque ¿quen buscou os avais?, ¿quen tivo que encontrar cartos que avalaran esa construción, nas entidades públicas, nos fondos de capital risco do ICO, no Banco Europeo de Investimentos? É un punto de inicio erróneo. E temos unha débeda, unha débeda real, unha débeda que para os próximos anos podemos cifrar en 700 millóns de euros. É unha cantidade dunha débeda real que imos ter que pagar todos a pesar dunhas vantaxes contables que aínda non somos capaces de entender. A débeda está aí.

A partir dese punto de inicio, existe un historial. O punto de inicio é erróneo, o historial é caótico: un orzamento inicial multiplicado. Non é que se reaxuste, non é que se incremente unha pequena porcentaxe, non é que haxa que estimar algunha diferenza menor. Multiplícase o orzamento inicial. Cando alguén ten que multiplicar un orzamento inicial que non é baixo, alguén fixo as contas mal.

Temos uns servizos, e un podería pensar que, se o orzamento está multiplicado, será que se multiplican os servizos. Nada máis lonxe da realidade. Temos un hospital menor do que inicialmente estaba contratado, pero polo camiño temos reclamacións de Facenda porque as concesionarias non pagan impostos, temos reclamacións das concesionarias á Xunta por sobrecostos nas obras. Por erros propios, reclamacións á Xunta; e reclamacións de Facenda porque non pagan impostos. Pero a xente de negocios sempre se entende, e acabouse o hospital.

Cun punto de partida erróneo, cun historial caótico, inevitablemente temos un resultado nefasto. En termos de xestión é nefasto: hai máis diñeiro investido do previsto, hai un hospital menor do previsto, hai unha Xunta hipotecada nos próximos anos. Iso si, hai unha empresa concesionaria que ten beneficios cada ano: 42 millóns de euros de canon neste ano 2016, e 70 millóns anualmente, aproximadamente, a partir do ano próximo. Claro que foi un negocio, non para os cidadáns. Un de cada tres euros que se invistan en Vigo nos próximos anos van estar destinados a pagar este canon.

Temos un déficit de xestión, un error na xestión, pero temos un nefasto resultado a nivel asistencial. Hai menos camas das previstas. Prometíanse —imos facelo en números redondos— 1.200 camas, e hai 845. Falouse de 2.006 camas con aquel dato de «máis de 2.000 camas da área sanitaria de Vigo, a área sanitaria máis grande de Galicia». ¿Onde están as 2.006 camas? Non existen. Temos deficiencias de construción que provocan problemas asistenciais, temos espazos mal deseñados, temos materiais de mala calidade, temos necesidades de arranxos constantes. Eu, que onte tiven a oportunidade de estar no propio Álvaro Cunqueiro, escoitaba como para cambiar un enchufe é necesario pagar á concesionaria, ¡para cambiar un enchufe!

As deficiencias nos recursos levan a que teñamos unha lavandería que non pode atender, por unha cuestión natural, un volume de traballo moi grande apertando o persoal —que é

como entenden algúns a relación laboral—, temos un problema de lavandería que non dá para ter sabas limpas para todo o mundo e para todos os pacientes. Temos problemas co material, co material de esterilización, que non dá, que non serve, que non é posible facer todas as operacións necesarias. Temos un déficit asistencial provocado por un modelo de construción ineficiente.

O que nós tratamos de traer aquí son propostas. Polo tanto, temos unha proposta: a proposta clara é reverter ese modelo, negociar coas concesionarias volver construír os nosos hospitais con cartos públicos e que sexan cen por cento públicos, que sexa titular a propia Administración, que é a que ten que garantir os dereitos. A sanidade é un dereito, non podemos entregar a xestión dos nosos dereitos a negocios. Nós aceptamos que un pode convenir con algunha empresa para facer carreteras, pero non hospitais. A política sanitaria non a poden definir os construtores. E iso empeza a ocorrer neste país. E así asistimos a que, no debate de investidura —ao que aquí asistimos todos—, o espazo dedicado á sanidade polo presidente —pouco— se dedicou fundamentalmente a falar de construcións —non de todas as necesarias, e algunha probablemente innecesaria—. Pero falamos de construción. Chegamos a que, para falar de sanidade neste país, falamos de construción.

E, vendo o historial, nós o que lles propoñemos é que repensemos o modelo. ¿Por que? ¿Por que, neste caso, reverter ese sistema no Hospital Álvaro Cunqueiro? Por dúas razóns. Unha é unha razón económica. O cálculo pode estar, aproximadamente —dependendo da negociación—, nun aforro de 20 millóns de euros ao ano. É realmente interesante poder facer ese aforro. Non entendo por que non estariamos de acordo. Pero, ademais, e sobre todo, por unha razón asistencial, porque seremos donos das decisións sobre a nosa sanidade. Esa é a nosa proposta: unha sanidade cen por cento pública, cen por cento pública. É unha cuestión de modelo, efectivamente é unha cuestión de modelo. Nós o que defendemos é que a sanidade non pode ser motivo dese debate, dese modelo de construción de infraestruturas. ¡Non na sanidade, por favor!

Vostedes xestionan a sanidade galega, o Goberno galego —diríxome a eles— xestiona a sanidade galega. Nós estamos facendo unha proposta que consideramos que é boa, que consideramos que é produtiva para este país. Invitámolos a que a estuden, de verdade, a que poidamos falar dela, a que poidamos falar argumentalmente dela. Apúntense o tanto, é unha boa decisión. Retomemos o control da nosa sanidade, esa é a nosa proposta. Polo tanto, convidóos a que a estuden e, ademais, a que o fagan desde esa enorme vontade que se expresou aquí nos últimos días, vontade de diálogo, vontade de que este Parlamento, que ten sido un lugar de acordos, continúe a ser un lugar de moitos acordos. E para iso prégolles que falemos de datos, que nos expoñan o porqué do modelo, que nos expoñan por que cren que é necesario defender ese modelo para esta sanidade, por que consideran que é imprescindible utilizar un modelo que ten a súa orixe —porque non inventaron nada— en Margaret Thatcher ou en Esperanza Aguirre, que son dous exemplos que persoalmente os invito a explorar outros camiños.

Creemos, necesariamente, que temos que defender outra posición, e, polo tanto, a nosa proposta está aí, con vontade de dialogar, con vontade de que sexa produtiva para todos, con vontade de que non fagan deste debate un debate sobre se a culpa foi de Zapatero, do Con-

cello de Vigo, do Bipartito, dos médicos... Non nos conten que estamos en contra dos médicos. Non suban aquí a dicirnos que nós estamos en contra dos médicos. A sanidade deste país funciona grazas aos sanitarios e a pesar dalgunhas decisións. Nós estamos do lado dos sanitarios, que son os que están defendendo isto.

Polo tanto, fagamos este debate, construíamos este debate, con naturalidade. Pero pregámoslles que escoiten este debate, porque, se non, estaremos entregando a sanidade a decisións que están lonxe das decisións que defenden o público, lonxe da visión dos dereitos dos cidadáns, e estarán, polo tanto, entregando a decisión da nosa sanidade a persoas que non teñen interese pola nosa sanidade.

Polo tanto, nós convidámoslos a que este debate sexa produtivo. A partir de aí terán, dende logo, a nosa man tendida, se queren falar deste debate. Se queren falar, estamos aquí. Pero convidóos a que o estuden. Porque, se non, estaremos entendendo que vostedes, que queren defender, que din defender, a sanidade pública, defenden un modelo que non a defende. Polo tanto, aclárense. Iso é o que lles pedimos. E se de verdade consideran que este é un modelo produtivo, falemos del, porque creo que é necesario, cremos que é necesario, cremos que é bo. Insisto: apúntense o tanto, pero fagámolo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Pois, efectivamente, máis unha vez o novo hospital de Vigo, a construción do novo hospital de Vigo, a debate no Parlamento galego; hospital que é un clarísimo exemplo que responde ao proceso de privatización da sanidade pública no que está empeñado o Partido Popular, no que está empeñado, pois, Núñez Feijóo. Están empeñados nunha actuación de ceder a sanidade pública galega aos intereses do gran capital, aos fondos de investimento, aos fondos de capital-risco, ás multinacionais; en definitiva, ao capital foráneo, ao capital de fóra de Galicia. E como consecuencia, os galegos e as galegas estamos perdendo a influencia e a capacidade de decisión sobre a sanidade pública.

O Partido Popular está a fomentar a parasitización da sanidade pública de Galiza por empresas privadas e está a entregarlles unha das maiores riquezas que posuímos como sociedade, que é unha sanidade pública de calidade, a este capital privado.

O Bloque Nacionalista Galego combateu, combate e combaterá esta estratexia política. Porque estamos a falar dunha estratexia política, non é un problema de financiamento. Poden intentar disimulalo, vestilo, pintalo como queiran, mais non se trata dun problema de financiamento político, trátase dunha decisión ideolóxica á cal someten o resto das súas actuacións.

E o novo hospital de Vigo, o Álvaro Cunqueiro, é o clarísimo exemplo, é esa proposta estrela do Partido Popular que, máis que proposta estrela, se converteu na proposta dos prazos incumpridos, do trato de favor a empresas amigas, da dilapidación de cartos públicos dos impostos dos galegos e das galegas para favorecer o negocio e a uns poucos, aos poucos de sempre.

A posición do Bloque Nacionalista Galego é ben coñecida. Manifestamos desde o primeiro momento a nosa oposición radical a este modelo privatizador, modelo onde as empresas adxudicatarias non corren riscos, como xa se demostrou ao longo deste proceso. O único que corre risco é a Administración pública, e os recursos dos galegos e das galegas.

O BNG di alto e claro que é preciso frear esta contrarreforma sanitaria do Partido Popular e apostar por un modelo sanitario público, universal, equitativo, sen copagos, sen repagos, financiado por un sistema impositivo xusto, progresivo, onde pague máis quen máis ten e non quen máis enfermo estea. Defendemos —e temos presentado múltiples iniciativas— reverter as privatizacións e recuperalas para a sanidade pública. E dentro desas reversións, evidentemente, está a reversión do Álvaro Cunqueiro, porque é preciso rescatar este hospital do control privado e que se converta no hospital público que sempre debeu ser, no hospital de referencia para a área sanitaria de Vigo, o hospital de referencia tan necesitado nunha área sanitaria que ten practicamente a metade da súa poboación cun concerto cunha entidade privada.

E a petición de rescate vén sendo realizada por todo o mundo, vén sendo realizada polos veciños e veciñas, polos profesionais, polas organizacións sindicais, polas organizacións políticas. É un clamor na rúa, é un clamor que, se o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, gobernara para atender as necesidades e as peticións do pobo, tería atendido. Mais a realidade é que o Partido Popular non goberna para atender as necesidades do pobo galego. O Partido Popular goberna para atender os intereses do poder, para atender os intereses do gran capital.

E, polo tanto, converteron o que ía ser un hospital público, unha obra pública, nunha obra privada. Levou a cabo o Partido Popular un cambio de modelo que significou converter o que ía ser ese hospital público nun hospital privado. E insisto en que é un hospital privado, por moito que quen veña defender aquí a posición do Partido Popular se vaia cansar de dicir que non, que é un hospital público e demais. Pero máis unha vez volvemos tamén dicirlle que é un hospital privado porque está no balance e na contabilidade da empresa concesionaria. Non está no balance nin na contabilidade do Sergas, está no balance e na contabilidade da empresa concesionaria. E esta empresa o que fai é arrendarllo. Si, señor conselleiro, non sorría, é así. ¿Ou é capaz de traer aquí algún sitio onde apareza o novo hospital de Vigo, Álvaro Cunqueiro, no balance do Sergas? Non, ¿verdade que segue estando no balance da empresa concesionaria? O que fai o Sergas é alugarllo, o que fai o Sergas é alugarllo por vinte anos. E págalle un canon, efectivamente, un canon que significa que unha parte moi importante do orzamento da sanidade pública de Galiza vai para pagar ese canon. Pagámolo con cartos públicos, está no balance da empresa concesionaria. A dona é a empresa privada, a empresa concesionaria, e o Sergas paga ese canon.

O BNG ten claro que a decisión de que o novo hospital de Vigo sexa privado —que se entregara para beneficio dunha empresa privada— foi unha decisión política, foi unha decisión ideo-

lóxica. Pola mesma razón temos claro que revertir esa situación ten que partir doutra decisión política, ten que partir da decisión política de rescatalo. Hai que darlle a volta a esa decisión. Entón, mecanismos para rescatalo existen. O Partido Popular, no Goberno da Xunta, xa perdeu a oportunidade de rescatalo, perdeu a oportunidade cando a UTE estaba en quebra e non tiña recursos para saír adiante, e foi a propia Xunta quen lle buscou eses recursos con recursos públicos. Tivo oportunidade cando a empresa incumpriu prazos, cando a empresa incumpriu o proxecto que estaba previsto. Mais, evidentemente, o Partido Popular non quixo rescatalo. O que fixo o Partido Popular, o Goberno da Xunta de Galicia, foi favorecer e buscar todo tipo de alternativas para que a empresa seguira sendo a dona do hospital de Vigo.

Polo tanto, imos votar a favor destas dúas iniciativas que o que piden, con algunha diferenza, é que se reverta. Entón, tomemos a decisión política de que reverta, de recuperar o hospital de Vigo Álvaro Cunqueiro para a sanidade pública, e logo busquemos o mecanismo —que o hai— menos oneroso, o máis rápido, o máis eficaz. Pero en todo caso do que se trata hoxe é de tomar a decisión política de que a sanidade pública do noso país, as infraestruturas da sanidade do noso país, sexan públicas e que non sexan para beneficio das empresas privadas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, quería darlles a benvinda a este Parlamento a todos os deputados e deputadas novos desta lexislatura.

Empezamos a lexislatura como rematamos a pasada, traendo a esta Cámara asuntos que neste momento non preocupan á maioría da cidadanía de Galicia. E proba diso é a asistencia escasísima á última manifestación que se celebrou en Vigo, convocada ou apoiada polos partidos políticos desa bancada e por distintos sindicatos, que non ten comparación coa manifestación do ano anterior.

Desde logo, desde a súa posta en funcionamento, moitos cidadáns de Vigo teñen acudido ao Hospital Álvaro Cunqueiro e xa coñecen as súas instalacións, os seus servizos e a importante melloría para a asistencia sanitaria que representou para os veciños e veciñas de Vigo e comarca a inauguración desta grande infraestrutura.

Hoxe en Vigo hai outras novas nos xornais: sobre a unidade do sono máis moderna e estruturada de Galicia, sobre a unidade de ondas de choque do servizo de rehabilitación, que é a máis avanzada de Galicia, sobre a primeira área específica para coidados poscirúrxicos infantís, sobre avances tecnolóxicos en obstetricia e xinecoloxía ou sobre programas de humanización do embarazo, sobre cápsulas endoscópicas que fan 60.000 imaxes en 8 horas

de endoscopia, e sobre as novas unidades de ictus, as trombectomías que se fan nesas unidades, sobre a psicoxeriatria, sobre a unidade infanto-xuvenil de hospitalización psiquiátrica ou sobre a unidade de lesionados medulares. Fálase, en resumo, de máis de 13.000 cirurxías, de preto de 300.000 estadías de hospitalización, de 200.000 urxencias, e de 465.000 consultas. Estas, señorías, son as novas que reflicten os xornais, e das que se fala agora a nivel de sanidade na cidade de Vigo.

O Hospital Álvaro Cunqueiro é público. Nós sabemos que, se a señora Prado vai coa súa enfermidade ao Hospital Álvaro Cunqueiro, non lle van cobrar, o Hospital Álvaro Cunqueiro é público (*Aplausos.*), sendo propiedade do Sergas e, polo tanto, do resto dos vigueses e do resto dos cidadáns, dos galegos e das galegas. Fíxose, si, cun modelo de colaboración público-privada e cumprindo a Lei estatal de contratos do sector público. O dito proxecto de lei foi elaborado por un goberno socialista —por iso me sorprende, señor Torrado, que no texto da exposición de motivos da súa iniciativa fale vostede de que foron os gobernos da dereita os que inventaron iso— e foi tramitado nunha ponencia na que estaban presentes un deputado do BNG, o señor Francisco Rodríguez, e outro de Izquierda Unida, a señora Isaura Navarro. Nese proxecto de lei contéplase a colaboración público-privada como unha das modalidades de contrato. Ningún dos distintos artigos que regulan esta colaboración recibiu unha soa emenda do Partido Popular, mais tampouco do Bloque Nacionalista Galego nin de Izquierda Unida, aprobándose por unanimidade o texto orixinal proposto polo Grupo Socialista. E ningún deses artigos foi modificado posteriormente polo Grupo Popular, quedou exactamente igual que como foi á ponencia.

Entón, penso que queda claro que a norma xurídica que sustenta o contrato do Hospital Álvaro Cunqueiro foi creada e aprobada polos representantes no Congreso dos Deputados, señorías, dos grupos da oposición, que agora rexeitan o que primeiro regularon.

E foi grazas a esta modalidade de contrato que se puido construír un gran hospital para Vigo e a súa comarca, a pesar de todos os atrancos, os dependentes da difícil situación económico-financeira da crise e os provocados pola falta de colaboración do Concello de Vigo. E así fíxose un hospital en tempo récord, en menos de catro anos desde o inicio das obras. Como referencia, o último gran hospital que se construíu en España foi o de Asturias, e tardou doce anos na súa construción.

Desde logo, pode non gustarlles a vostedes o modelo elixido para a construción e posta en funcionamento do hospital, pero penso que non se pode cuestionar nin a súa legalidade nin a transparencia na tramitación. Contou con todos os informes favorables dos técnicos da mesa de contratación, da Asesoría Xurídica e da Intervención.

Certamente, coa crise económica tiveron que reformularse, e incluso abandonarse, moitos proxectos construtivos na sanidade que estaban en marcha en toda España. Pero o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do Partido Popular, considerou que dotar a Vigo dun novo hospital era unha prioridade absoluta que non se podería demorar, e construíu o Álvaro Cunqueiro.

A asistencia sanitaria en Galicia, e por suposto no Álvaro Cunqueiro, é cen por cento pública, é prestada por profesionais do Servizo Galego de Saúde e é xestionada desde este mesmo

organismo. Cuestión diferente son os servizos non clínicos —restauración, lavandería, mantemento, limpeza, etc.—, que si se poden realizar por empresas externas, como se fai en servizos de saúde do noso entorno con gobernos de todas e cada unha das cores políticas. Dos 12 servizos non sanitarios que actualmente están externalizados no Cunqueiro, 9 xa estaban na época do Goberno bipartito.

Non imos apoiar as súas iniciativas. O rescate, señorías, si implicaría detraer fondos doutras partidas necesarias para o bo funcionamento do sistema sanitario público galego. Iso si comprometería a posibilidade de investimento en áreas de relevancia para a sanidade galega, como di vostede, señor Torrado, na súa iniciativa.

A día de hoxe, Vigo ten un hospital novo, ten un hospital con moi boa dotación, ten un hospital de presente e de futuro, ten un hospital cun deseño arquitectónico flexible, con reservas de espazo para acoller o crecemento dos servizos e para adaptarse a futuras necesidades. Esa é a realidade da sanidade en Vigo en novembro do ano 2016.

Con respecto ás reversións, eu, como cidadán, vivín no ano 2005 a promesa de reversión da autovía da costa da Coruña a Carballo, que se prometía nos programas dos partidos que perderon as eleccións e que posteriormente gobernaron. Pódolles dicir que no momento en que gobernaron non houbo reversións. Botouse, por suposto, a culpa ao Partido Popular, e foi a época que máis subidas tivo a autovía A Coruña-Carballo.

Máis nada e moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica dos autores da proposición non de lei.

¿Dende o escano ou dende aquí, señora Solla? ¿Dende o escano?

Vén para aquí, está ben.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, traslado o noso apoio á proposición non de lei do Partido Socialista, que versa, ademais, sobre a mesma materia.

É sorprendente que o Partido Popular se arrogue ser capaz de trasladar que estes asuntos non preocupan á cidadanía. Eu pregúntome quen son vostedes para arrogarse estar en posesión da verdade. Que o Partido Popular gañe as eleccións non significa que toda a cidadanía estea a favor da privatización sanitaria. É máis, se polos sanitarios e sanitarias fose, vostedes non terían gañado as eleccións. *(Murmurios.)*

Parece que vostedes se sorprenden. Probablemente desprezan todas as opinións do persoal sanitario, e de toda a xente que saíu á rúa. Efectivamente, señor Centeno, saíron á rúa 200.000 persoas. Este ano celebramos o cumpreanos desa mobilización. Obviamente non

era a mesma mobilización. Pero vostede puña como exemplo as novas que saían hoxe no xornal. Quizais poderíamos ter máis novas do funcionamento da sanidade pública se vostedes non detraesen os cartos para engordar as contas das empresas privadas. Non se pode cuestionar a súa legalidade —dicía vostede—. ¡Home!, ten unha demanda en curso. Pero independentemente do que suceda, eu acabo de dar mostras aquí —e fixémoslo durante catro anos— da situación na que se incumpriron os pregos de condicións.

O Partido Popular utiliza habitualmente un mantra que é falso, unha tautoloxía falsa de que o hospital é público porque non se cobra pola asistencia sanitaria. ¡É o que lles faltaba! É o que lles gustaría, ademais. E é o que propuxeron nalgunha ocasión. O que pasa é que a cidadanía non permitiría tal cousa. Entón si que vostedes perderían as eleccións. E por iso, só por iso, vostedes non o poden poñer en marcha. É unha manipulación trasladar que o hospital é público porque non se cobra. O hospital é privado porque estamos pagando un canon anual cun subrecusto de 1.000 millóns de euros, 1.000 millóns de euros que lastran o orzamento sanitario.

O que era unha prioridade para vostedes non era asinar o contrato porque fixera falta o hospital, o que era unha prioridade para vostedes era asinar o contrato antes de que entrase en vigor a lexislación que os obrigaba a ter un informe preceptivo do Ministerio de Facenda sobre como se ía aplicar a propia PCI. Porque, coas súas contas, ese informe tería sido, obviamente, negativo, e noutras circunstancias vostedes non poderían ter construído este hospital privado, privado ata que acabemos de pagar o canon, e privados os beneficios dunha concesionaria que se lucra cun crédito público do Banco Europeo de Investimentos, que, por se vostedes non o saben, non facilita crédito á empresa privada. E sucede o mesmo con aquelas entidades de capital-risco públicas, que non son para beneficiar os multimillonarios beneficios da empresa privada.

Polo tanto, voltamos traer —e remato xa— esta iniciativa, e repito que a traeremos mil e unha veces porque consideramos que realmente o que vostedes fixeron lastra o orzamento sanitario. O que vostedes fixeron é privatizar, o que temos agora mesmo é un hospital privado. E non imos parar ata que este hospital sexa, dunha vez por todas, público.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

Agradezo ao portavoz do Partido Popular a benvinda aos novos. Non sei se era por min pero, en todo caso, agradézoo. Se ese era o diálogo, a ver se levamos o diálogo un pouco máis alá. As primeiras veces sempre son así.

Apoiamos, indiscutiblemente, a iniciativa de En Marea, como non podía ser doutra maneira, porque estamos nesa mesma defensa.

Señor Núñez Centeno, está ben que se acorde da última manifestación. Non sei se quería invocar a anterior. Dígoo porque a anterior acabou coa anterior conselleira fóra do Goberno. Non sei se o actual conselleiro está moi de acordo con que se invoquen. (*Aplausos.*) Se teñen algunha cousa, resólvana noutro momento. En todo caso, se quere, podemos falar dunha conselleira que se tivo que ir por unha manifestación.

Mencionou unha vez o Bipartito. Pero, aínda que non o fixera —fíxoo unha vez, está ben—, acabou mencionando a autovía A Coruña-Carballo. Para falar do modelo de construción do Álvaro Cunqueiro de Vigo acabou falando da autovía A Coruña-Carballo. Por favor, falemos dos debates argumentais, creo que é moi produtivo.

Por certo, sobre as modificacións lexislativas ás que se refire no Estado supoño que se referirá á 15/1997. No ano 1997 neste país gobernaba un presidente que non era socialista; lexitimamente elixido pero, en fin, gardo as miñas opinións sobre ese presidente.

O rescate implicaría traer fondos doutro lugar. Podémoslos coller do mesmo lugar do que collemos os fondos que agora utilizamos para pagar a hipoteca. Son os mesmos cartos, só que en vez de pagarllos a unha empresa privada utilizámoslos nós. Non, non é difícil, é posible facelo, invítoos a que o fagamos. De verdade, é posible facelo.

E, por último, que non lle cobren a unha persoa non quere dicir que o hospital non sexa privado. A xente non paga por ir a Povisa; a que vai derivada, non. Claro, está ben que admitamos, entón, que a sanidade pública está pagando a hospitais privados para derivar xente. Ben, porque esta é unha cousa que todo o mundo o sabe pero que vostedes non verbalizan. Entón, ¿é un hospital privado ou non? Porque eu creo que o é. Entón, nós estámolles pagando a un hospital privado. ¿E por que a xente que, efectivamente, xa foi ao Álvaro Cunqueiro está indo toda para Povisa? E por iso pagamos 75 millóns de euros cada ano a Povisa, para derivar ás persoas que non queren ir ao Álvaro Cunqueiro. Claro, iso non quere dicir que Povisa sexa un hospital público, aínda que teña máis persoas que veñen da sanidade pública case das que teñen eles mesmos. Non quere dicir iso, non fagamos trampa co debate. Que non se pague nun hospital non quere dicir que sexa público; hai moitas cousas que son privadas e ás non se paga por ir.

Polo tanto, nós propoñemos que falemos do debate. Non estamos falando do debate de por que reverter. Hai unha posibilidade de aforro neste debate, e é unha mellora asistencial posible. Nós propoñemos ese debate, nós sabemos por que non, xa sabemos aquí toda a bagaxe contable —como se fora unha folla de Excel— de todos os servizos que se dan no hospital, pero podían darse eses mesmos servizos cunha titularidade pública, e esa é a nosa proposta, pero aínda non escoitamos por que non. Se cadra, é porque explicar por que non deixaría á vista moitas cousas que eu entendo que poidan non querer deixar á vista. Pero, entón, é que algo se está escondendo porque, permítanme, pero creo que transparente de todo non foi o procedemento.

Polo tanto, nós convidámoslos de verdade a que fagan este debate. Convidámoslos a que voten a favor desta proposición, aínda que vostede xa manifestou que non o ían facer, pero aínda estamos en tempo de reflexión. Polo tanto, convidóos a que fagan esa reflexión e a que non utilizemos termos tramposos no debate sobre público, privado, nin mesturemos cuestións asistenciais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...con cuestións de xestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados en relación coa introdución dunha modificación no artigo 74.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referida á posibilidade de regulación polos concellos dunha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmobles

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Propoñemos unha nova redacción para o segundo parágrafo da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

«Os concellos, mediante ordenanza, poderán regular unha bonificación de ata o 90 % da cota íntegra do IBI da vivenda habitual a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares por medio dun informe técnico dos servizos sociais municipais, o cal tamén poderá modular a contía da bonificación en función do valor catastral do inmovible.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Federación Galega de Municipios e Provincias unha solicitude conxunta ao Goberno do Estado para impulsar a modificación do artigo 74.2 TRLRFL aos efectos de incluír unha nova bonificación potestativa de ata o 90 % da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares, modulable en función do valor catastral do inmovible.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes a todos e a todas.

Dúas proposicións non de lei e xa aprendemos a primeira lección desta lexislatura do Partido Popular: pódese roubar e saquear as arcas públicas sempre que as manifestacións non sexan históricas en asistencia; pódese facer negocio coa sanidade sempre que non teña un custo electoral. Iso é coma todo: sempre que non teña custo electoral, pode haber desafiuzamentos; sempre que non teña custo electoral, pode haber corrupción; sempre que non haxa custo electoral, pode enchufarse xente na Deputación de Ourense, etc. Primeira lección do Partido Popular.

Hoxe presentamos unha proposición non de lei que pretende mellorar nun aspecto moi concreto: a inxusta política fiscal que se aplica na maior parte dos casos. Posiblemente non se trate dun gran debate sobre política fiscal que haberá que dar ante a senda inxusta da fiscalidade no Estado e neste país, pero si que, no caso de que algún día se aplique o que aquí se pode aprobar, pode ser un alivio ou unha axuda para moitas persoas, para aqueles aos que o recibo do imposto de bens inmobles si pode representar un problema económico. Trátase, pois, dunha cuestión moi concreta pero que cómpre contextualizala, xa que esta situación xeral de inxustiza é a suma de situacións concretas como esta. O Partido Popular presume de que baixa impostos e de que vai baixar impostos. ¡Mans ás carteiras!, cando di isto o Partido Popular á xente traballadora. A pregunta —coma sempre que se fala de baixada de impostos— é: ¿a quen se lles baixan e a quen benefician as baixadas dos impostos?

O resultado da política fiscal dos últimos anos aplicada polo señor Montoro e compañía ben o coñece a maioría da xente —a xente traballadora, os pensionistas, a xente do común—; a maioría sabe o que significou nos últimos anos a aplicación desa política fiscal. (*O señor Puy Fraga ri.*) Si, señor Puy, pode rir, pero é así; seguramente estaría a outra cousa.

Saben ben que nos últimos anos —cos mesmos salarios ou peores, ou en desemprego— moita xente tivo que ver como lle subían o imposto do valor engadido, os impostos especiais, as taxas ao imposto de bens inmobles —o IBI—; impostos que prexudican aos que menos teñen. O Partido Popular consolidou o xa iniciado hai moitos anos sistema fiscal inxusto e regresivo, que nada ten que ver co que se recolle no artigo 31.1 da Constitución, que di que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, e que en ningún caso terá alcance confiscatorio. Iso é o que di a Constitución; iso si, ante o respecto institucional, todos temos que prometer ou xurar a Constitución con moito boato e con tamén moita hipocrisía cando se fai.

A reforma fiscal de Montoro foi unha mostra máis destas políticas: reforma do IRPF que favorecía as rendas máis altas, mantemento das Sicav —dos choios das sociedades de investimento colectivo—, redución do tipo impositivo das grandes empresas do 30 % ao 25 %... Non se toca a normativa do imposto de patrimonio nin a do imposto de sucesións e doazóns, co cal, séguese mantendo a bicoca dos beneficios fiscais das sociedades patrimoniais persoais, coas que veñen operando os grandes patrimonios, etc. Ningunha das modificacións desta reforma fiscal se refire expresamente aos grandes patrimonios, nin sequera na fraude fiscal, que é o 80 % da fraude fiscal deste país.

Evidentemente, as grandes fortunas aplauden esta política fiscal: báixanlles os tipos impositivos do imposto de sociedades e do imposto da renda e mantéñenlles a bicoca das boni-

ficacións, das exencións e das posibilidades de elusión e evasión fiscal. Ao resto da cidadanía báixanlle unha migalla o IRPF, pero o aforro non compensa en absoluto o incremento do IBI e dos impostos especiais ou do imposto de bens inmobles. Estas políticas tamén teñen unha segunda derivada, que é que as ditas políticas impiden ter recursos públicos suficientes para fortalecer os servizos públicos. Recórtase en sanidade, recórtase en servizos sociais, recórtase en ensino; e eses recortes non prexudican os grandes patrimonios nin as grandes fortunas, prexudican unha vez máis a maioría. Son unha dupla inxustiza e unha dupla redistribución á inversa da riqueza.

Non hai reforma do IRPF, non hai reforma fiscal —das que propuxo o Partido Popular— que compense, a unha familia con rendas medias e baixas, a enorme baixada de axudas á dependencia neste país ou a suba de custos de servizos básicos, como expresa perfectamente o Consello Económico e Social de Galicia, que di que a electricidade, o gas e os combustibles subiron un 31 % —tamén moitas veces por impostos—; as taxas do lixo, auga e sumidoiros, que se incrementaron nun 21 %; a subida do grupo de ensinanza, un 16 % —e non se recortou en ensinanza din os do Partido Popular, subiron un 16 %, que a xente tivo que gastar en ensinanza—; o 11 % en produtos farmacéuticos, medicamentos, etc.; ou o grupo de residencias de anciáns, axudas a domicilio para maiores, garderías, etc., un 17 %. É dicir, son exemplos de como, baixando os salarios —e sobre todo baixando os salarios dos salarios máis baixos—, tiveron que soportar incremento de servizos básicos. ¿É só para exemplificar todo un conxunto de medidas fiscais que prexudican a maioría? Non é tan ambiciosa a nosa proposición non de lei.

O imposto de bens inmobles é só outro exemplo dun imposto inxustamente aplicado cuxa recadación sabemos todas e todos que subiu espectacularmente nos últimos cinco anos. Subiu un 50 %, o que significa en Galicia 200 millóns de euros con base na suba do tipo impositivo do señor Rajoy para compensar a perda de ingresos dos concellos ou das actualizacións ou do proceso de regularización que aínda se está dando agora, que creo que vai afectar no 2017 cen concellos e que afecta moi especialmente o rural, onde moitos recibos —sexan das persoas que sexan, teñan a renda que teñan, teñan unha economía saneada ou sexan pensionistas que cobren a pensión mínima despois de cotizar na agraria, etc.— van ter que sufrir unha subida dun 50, 60 ou 70 %. E van ter que pagar polos galpóns, alpendres ou naves que algún día serviron para ter unha explotación gandeira e que nin sequera están en activo, etc. O que significa para esa xente estas subidas do IBI é un problema, e neste mesmo Parlamento temos un acordo unánime neste sentido. É dicir, que cando o señor Feijóo fala de «impostos cero no rural», creo que é unha broma, unha brincadeira, de moi mal gusto.

Segundo o Informe de beneficios fiscais de 2016, o impacto dese «impostos cero no rural» son catro millóns e medio de euros. En cambio, o impacto da subida do IBI polo proceso de regularización significará máis de 100 millóns de euros recadados a maiores.

Polo tanto, non estamos falando dunha cuestión que non teña importancia. Ese 50 % de incremento de recadación —con eses 200 millóns que se aplicaron— haberá que facer medidas para facelo máis xusto. E é o que tratamos de facer con esta proposición, que legalmente se poidan establecer bonificacións sociais —que ata o de agora non se recollen no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais— para que as familias ou suxeitos pasivos con dificultades económicas poidan ser bonificadas.

De acordo coa normativa vixente, o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, os concellos poden establecer nas súas ordenanzas fiscais o réxime de cotas tributarias de conformidade co disposto legalmente, o que inclúe o réxime de bonificacións do artigo 71 deste texto, que, no caso do IBI, remite ao 74.2; apartado e artigo que non prevé esa bonificación potestativa en relación coa situación económica dos suxeitos pasivos nin tampouco en función do valor catastral. Consecuencia do cal, e tendo en conta que a cota do IBI non permite expresamente aos concellos establecer esas bonificacións anteriormente sinaladas, sería preciso, para darlles seguridade xurídica e unha vía aos concellos que queiran aplicar este tipo de bonificacións, unha vía que lles dea seguridade xurídica suficiente. Hai concellos que xa o fixeron en forma de subvencións e bonificacións, pero tamén hai sentenzas contrarias do Tribunal Supremo, que, evidentemente, di que non hai texto legislativo sobre o que ampararse.

Iso é o que propoñemos nós modificar. Propoñemos que os concellos, mediante ordenanza, poidan regular unha bonificación de ata o 90 % da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares; que se determine e concrete na respectiva ordenanza, a cal tamén poderá modular a contía da bonificación en función do valor catastral do inmovible.

Agardo sinceramente que esta proposta sexa aprobada por todos os grupos do Parlamento. Cremos que é unha cuestión de xustiza e que se o noso papel aquí, como representantes do pobo galego, é mellorar as condicións de vida da xente e loitar pola igualdade e a xustiza, isto é só unha pequenísima contribución, pero, á fin e ao cabo, é unha contribución que creo que debe de ser apoiada unanimemente.

Moitas grazas. Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boas tardes, señor presidente. Boas tardes, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE presentamos unha emenda á proposición non de lei presentada polo grupo de En Marea, posto que, aínda que estamos de acordo no fondo da proposición, cremos que poderíamos establecer algunha especificidade.

A situación de crise que vivimos nestes últimos anos ten levado a moitas persoas a situacións de extrema vulnerabilidade económica e social. Moitas persoas perderon os seus postos de traballo e xurdiron situacións case descoñecidas ata esta crise, como familias con todos os seus membros en paro. Os últimos datos da EPA no segundo trimestre de 2016 dinnos que nestes momentos en Galicia hai 72.100 familias nas que todos os seus membros están en paro; fogares sen ningún ingreso, 34.800 en Galicia, segundo a EPA do segundo trimestre de 2016, e persoas que, tendo un emprego, non chegan a fin de mes debido á precarización dos salarios, nacendo unha nova clase social, que é a clase traballadora pobre.

Onte mesmo podíamos ver nos xornais que 1 de cada 4 galegos vive con menos de 1.000 euros ao mes. A isto temos que engadir a falta de protección polo Goberno, a diminución na cobertura por desemprego, a exclusión de medicamentos do Catálogo da sanidade pública, a diminución nas axudas para libros de texto e material escolar e o pago en comedores escolares. Toda esta nova situación leva a que moitas familias teñan que escoller entre aqueles gastos aos que teñen que facer fronte —comida, luz, calefacción, medicinas, educación dos fillos— ou pagar impostos.

Os concellos, unha vez máis, como administración máis cercana á cidadanía e a mellor coñecedora da realidade social da súa poboación, incrementaron substancialmente as partidas adicadas a emerxencia social para poder atender os casos de especial vulnerabilidade, impedindo así tanto a exclusión social como casos de indixencia para moitas persoas. E tamén os concellos se fixeron cargo, nalgúns casos, a través desta vía de emerxencia social, do pago do IBI da vivenda habitual daquelas persoas que tiñan que escoller e ás que non lles daba para pagar este imposto, que o único que suporía sería que os embargaran polas cantidades non pagadas e aínda encima polos incrementos que lles suporía non pagar en voluntaria.

Convén recordar tamén que foi o Goberno central, a través do seu ministro de Facenda, o señor Montoro, quen aprobou no último Consello de Ministros do ano 2011 que os 8.100 concellos españois puideran subir libremente os seus impostos, e neste caso, sobre todo, os impostos asociados á propiedade da vivenda; é dicir, o IBI.

O IBI é un dos ingresos máis importantes para as facendas locais. É un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles. Polo tanto, é un imposto que grava a propiedade. E, precisamente, aquí nós queríamos facer unha engádega, unha modificación no proposto polo grupo de En Marea, dicindo que estamos de acordo na bonificación, pero coa posibilidade de que esa bonificación sexa só nos casos de vivenda habitual. E tamén propoñemos que, para poder aplicar esta bonificación da maneira máis obxectiva posible, sexan os servizos sociais, os técnicos e técnicas dos servizos sociais, quen emitan un informe, posto que son eles quen mellor coñecen a situación das familias nos seus concellos e ademais quen teñen capacidade para recabar toda a información necesaria e obxectiva para establecer a dita bonificación.

Polo tanto, o texto que nós propoñemos é que os concellos, mediante ordenanza, poidan regular unha bonificación de ata o 90 % da cota íntegra do IBI da vivenda habitual a favor daqueles suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares por medio dun informe técnico dos servizos sociais municipais e que tamén poidan modular a contía da bonificación en función do valor catastral do inmovible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías, comprenderán que resulta moi grato para quen lles fala ter hoxe a oportunidade de subir a este estrado e clarexar a postura do Grupo Parlamentario Popular respecto da proposta que hoxe se nos traslada, e isto é así por distintas circunstancias.

A primeira, por realizar hai escasos minutos o xuramento como deputado nesta Cámara —no meu nome, e estou seguro de que falo tamén no nome dos catro compañeiros que realizaron o mesmo xuramento—. Faremos todo o posible por estar á altura da dignidade que exige a representación que nos outorgaron os galegos.

A segunda circunstancia —que me resulta moi grata— é que esta primeira intervención teña que ver co mundo da Administración local, un mundo ao que, por razóns de obriga, me adiquei nos últimos anos cunha certa profundidade.

Existe, ademais, un terceiro motivo de satisfacción —ou iso cría eu—, que era comprobar de primeira man o novo clima de respecto e normalidade institucional con que todos os grupos que conforman esta Cámara pretenden desenvolver a X lexislatura.

E existía outro último motivo —se mo permiten— probablemente derivado dese novo clima, de comprobar que na primeira intervención que teño neste período de sesións tiña a oportunidade de coincidir polo menos cunha parte substancial das pretensións que vostedes expoñen na súa proposición non de lei. Tamén é certo que, despois de escoitar algunha intervención, pois un ten que asumir que non hai satisfacción completa, sobre todo con respecto a este punto, porque, claro, permítanme, simplemente comparar a colaboración público-privada co roubo público, co roubo da cousa pública, ou vir dar leccións de nepotismo a esta Cámara, cando menos sorprende, sobre todo cando gobernan vostedes nalgún sitio onde comprometeron recuperar parte desas concesións que tiñan concedidas as distintas administracións municipais e ata o de agora non se constatou que fixeran nada nese sentido. Non sei se iso os converte en cómplices dese suposto latrocinio. Eu creo que non; sinceramente, creo que non son os termos axeitados. Como non creo que o modelo que propoñen vostedes para acabar co nepotismo sexa o modelo que se está levando a cabo, por exemplo, no concello que alberga esta Cámara. Non creo que sexa iso.

En todo caso, si teño que recoñecerlles que no seu caso non hai perigo de que ninguén crea que os resultados electorais lexitimen ese tipo de actividades. Así que, non se preocupen que nisto si que están a salvo desa sospeita. Tal parecera, sinceramente, señorías, escoitando a súa intervención, que non pasamos recentemente por dous procesos electorais.

Tamén houbo un momento en que temín que non tiveramos oportunidade de debater do tema que nos traía aquí, que non era outro que a modificación dun tipo que, en fin..., dunha bonificación, ou, en todo caso, dun artigo da Lei de facendas locais que afecta os concellos, o municipalismo, e neste caso o municipalismo galego. Eu dicía que coincidía porque por unha vez fan vostedes unha proposta no sentido de rebaixar a presión fiscal, e parécenos que isto é interesante, e ademais para as rendas máis baixas, o que nos parece tamén moi interesante. De feito, son dúas cuestións que defende dende hai moito tempo o Partido Po-

pular: a baixada de impostos e a progresividade dos mesmos. Polo tanto, prometíame un día moi feliz pensando que iamos ter a oportunidade de coincidir nisto.

De todos é coñecido que ata o de agora non se caracterizaron os gobernos do grupo do que forman vostedes parte por apostar claramente por unha rebaixa dos tipos impositivos ou por unha rebaixa da presión fiscal; non é ese o caso. De feito, probablemente, as subidas fiscais estanse a converter nun dos sinais de identidade de En Marea alá onde governe. Claro que hai subidas de IBI a nivel nacional, e vostedes contribuíron a elas dunha maneira moi notable. Así que, ¡home!, asuman parte da súa responsabilidade ao respecto.

En todo caso, espero que teñamos oportunidade de comprobar se a proposta que fan hoxe, esa rebaixa, vai no sentido de, en fin, unha rectificación dun modo de actuar ou se simplemente é unha nube de verán.

Eu o que si lles digo, con respecto á proposta concreta que fan, é que hai un par de cuestións que nos chaman a atención: a primeira, que pretenden vostedes unha modificación legal, unha modificación dunha lei, e fano a través dunha proposta non de lei, o cal nos parece unha cuestión certamente curiosa. E a segunda das cuestións que nos chaman a atención é que, se me permiten a expresión, equivocaron vostedes a Cámara. Pretenden vostedes facer unha modificación dunha lei de carácter estatal. Tendo en conta que teñen vostedes representación nas Cortes Xerais, parece razoable que se presente alí esa modificación e non aquí.

Pero, en fin, entendemos que, salvo que non se pretenda abordar de inmediato a modificación do artigo 74.2 da Lei de facendas locais, o que pretenden hoxe facer é simplemente unha chamada de atención sobre este punto; unha chamada á reflexión, entendemos nós que será. En calquera caso, unha vez desbotada a posibilidade de levar a cabo con carácter inmediato a modificación proposta, xa que nin optaron polo instrumento lexislativo adecuado nin por presentalo na cámara competente, parece acaído que, se o que imos realizar é unha declaración de carácter político-institucional, non a fagamos de costas aos principais afectados pola mesma; é dicir, aos concellos, neste caso aos concellos galegos. E por iso, señoría, rexistramos unha emenda —que vostede xa coñece— que insta o Goberno galego a facer o que vostede pretende que faga, pero negociando previamente os termos desa modificación que se pretende coa Federación Galega de Municipios e Provincias; é dicir, coa lexítima representante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...do municipalismo galego. Se realmente se concreta ese clima de colaboración que parece que quería imperar nesta Cámara —ou polo menos iso criamos ata agora— supoñemos que será fácil aceptar esta cuestión e que teñamos a oportunidade de falar cos lexítimos representantes dos concellos galegos como queren articular eles este imposto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: En todo caso, se non é así, pois teremos que discrepar, e o que continuaremos é fiscalizando aquilo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que fan os concellos e comprobando se de verdade A Marea está disposta a cumprir algún dos seus compromisos ou se vai seguir botándolles a culpa aos demais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde a todas e a todos.

A verdade é que me congratula a insatisfacción que manifestou o representante do Partido Popular porque, dende logo, non viñemos aquí para compracelos a vostedes. E fixeron, e están facendo seguido, un chamamento ao respecto institucional, ao diálogo, ao debate e ao combate dialéctico, tamén san, e tamén se poderían aplicar vostedes o conto, porque eu creo que teñen sobradas doses de soberbia nas súas intervencións. Víñalles ben un pouco de modestia e de humildade. Están ben as maiorías absolutas, pero non hai que brandilas cada dous por tres.

O Grupo do BNG queremos anunciar o apoio a esta iniciativa da Marea. Tamén nos parece correcta e apoiamos a engádega que fixo o Partido Socialista no que ten que ver coa referencia á vivenda habitual; a outra entendemos que non, porque iso se podería regular perfectamente a través da propia ordenanza municipal.

E, no caso da emenda do Partido Popular, aceptariámola como unha engádega, pero non de substitución. Entendemos que sería lóxico chegar a un acordo no seo da Fegamp, pero podería incluírse como engádega á proposta do grupo de En Marea. Nós, en todo caso, o que queremos é aproveitar esta cuestión, este debate, para facer unha reflexión sobre dúas cuestións que nos parecen importantes.

En primeiro lugar, unha reflexión sobre a fiscalidade e o financiamento das administracións públicas, e máis concretamente sobre a Administración municipal. Entendemos que temos que abrir un debate sobre a necesidade de procurar solucións para a insuficiencia financeira dos concellos, e, no caso dos concellos galegos, con máis razón, pola discriminación que sofren na repartición de fondos do Goberno central, que crea, loxicamente, unha gran dificultade para atender servizos públicos esenciais para o benestar e a calidade de vida e para dar resposta ás necesidades das persoas.

Quero recordar aquí que co actual sistema de financiamento recibimos 50 euros menos por habitante con respecto á media do Estado; 209 fronte aos 259 euros da media do Estado. Polo tanto, o BNG defende e trae aquí ese debate, un novo modelo de financiamento local

que debe ter en conta, entre outros criterios, os maiores custos da prestación de servizos que derivan da nosa realidade social, territorial e económica.

En segundo lugar, tamén nos gustaría traer aquí o debate sobre a necesidade de procurar outro tipo de solucións mediante prestacións de carácter xeral, de carácter universal, para as persoas que o precisan, e facéndoo mediante unha renda de garantía social que permita uns ingresos mínimos para cubrir as necesidades básicas para ter unha vida digna para todas as persoas que o precisen, e iso débese inscribir no marco de políticas contra a exclusión social e contra a pobreza dende logo distintas das que se están desenvolvendo por parte dos gobernos do Partido Popular.

Nese sentido, quero traer aquí algúns datos que me parecen especialmente dramáticos: nestes momentos hai 702.000 persoas en Galiza que están en risco de pobreza e de exclusión social, o 25 % da poboación —unha de cada catro persoas— e hai 132.000 persoas en situación de pobreza extrema que sobreviven con ingresos de menos de 332 euros. Esta situación aféctalles especialmente ás persoas que cobran pensións. Un 62 % teñen ingresos por debaixo do umbral da pobreza. Estamos a falar de 473.000 persoas —¡473.000 persoas!—, e esta situación é especialmente grave no caso das persoas viúvas. E tamén o empobrecemento, a pobreza, aféctalles a persoas que teñen traballo, ata o punto de que máis do 14 % de persoas con traballo están en situación de pobreza.

Polo tanto, estamos a falar dun drama, dunha auténtica traxedia social, á que lle hai que facer fronte con políticas diferentes, con políticas como, por exemplo, en Galiza, mediante un plan de emerxencia social que atenda as necesidades básicas das persoas en materia de vivenda, en materia de enerxía, en materia de alimentación, en materia de educación, en materia sanitaria, en materia de transporte ou en materia de acceso ao lecer ou á cultura. E isto, para evitar auténticos dramas que se están producindo nestes momentos no noso país; auténticas situacións de sufrimento e tamén de morte, ás que chegan algunhas persoas por estas situacións de inxustiza social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Pazos, quen aquí falou tanto de respecto institucional foron vostedes. Eu téñolle respecto á xente e respecto ás institucións en función de que estas traballen para a xente e non en contra da xente. Ese é o meu compromiso.

Vostede falou de nepotismo por unhas alusións que fixen eu ao señor Baltar, e comparouno co goberno de Santiago de Compostela. Eu estou encantado con someter a exame un Baltar contra Martiño Noriega, un Partido Popular de Ourense contra Compostela Aberta, perfectamente. Incluso xa houbo un contraste moi curioso entre os Conde Roa e os Paula Prado, señor Espadas, etc., e Compostela Aberta; por iso gañou Compostela Aberta, porque a xente

non quixo o Partido Popular da corrupción. Ese foi o contraste e foi hai ano e medio escaso. (*Aplausos.*) Polo tanto, ante iso, non temos ningún temor.

En canto á presión fiscal, vostede dixo que En Marea tiña que rectificar. Vamos ver. O principal responsable da subida do imposto de bens inmobles neste país, eses douscentos millóns de euros que subiron, foi o señor Rajoy, por decreto. Polo tanto, os que teñen que rectificar son vostedes. Non veña aquí enganar a xente. Nun imposto precisamente igual que o IVE, igual que os impostos especiais que vostedes subiron —mentres lle seguen permitindo aos grandes patrimonios as coladeiras que lles permiten evadir e eludir impostos—, eses impostos que non discriminan en función da renda das persoas. Esta é esta proposta. E o mesmo que vostedes están dispostos a entenderse para esta proposta, deberían de reflexionar sobre o resto dos impostos que están gravando a xente.

Nestes últimos anos da crise, cos salarios baixando e cos salarios baixos baixando, vostedes subiron todos os impostos que máis gravan os de abaixo. E, en cambio, non subiron nada os impostos que gravan as grandes fortunas e as rendas altas. Fixeron todo o contrario do que di ese artigo 31 da Constitución. Vostedes que, con ese respecto institucional —repito unha vez máis—, si que veñen aquí todos moi traxeados, con moito respecto, a xurar e a prometer a Constitución, e se escandalizan dalgunha promesa da oposición. O que hai que facer, máis que ese respecto institucional, máis que ese lavado de cara e parafernalia, o que hai que facer é, verdadeiramente, cumprir co contido da Constitución, xa que vostedes se definen constitucionalistas, que nós nin nos definimos, e, iso si, defendemos algúns dos valores que se representaron alí.

E xa dito isto, tamén dicirlle que claro que a Cámara e as competencias son estatais, claro que si. Tamén son estatais as competencias para a transferencia da AP-9. ¿Que fixeron vostedes en Madrid coa AP-9? E, en cambio aquí, vostedes apoiaron unha proposición de lei do Parlamento galego para reclamar esa transferencia. Non pasa nada, non é incompatible. Presentarase no Congreso dos Deputados, debaterase no Congreso dos Deputados e En Marea vai votar o mesmo aquí que no Congreso dos Deputados. O que non sabemos é se o Partido Popular vai votar o mesmo aquí que en Madrid, que normalmente é diferente. Xa se ve o peso que ten o señor Feijóo en Madrid.

E, por último, en canto ás emendas, eu creo que se poden incorporar cuestións das dúas. Eu teño unha proposta de texto que incorpora todas con algún matiz que trasladarei aos portavoces a ver se é posible ese acordo. Nós cremos que, en canto ao Partido Socialista de Galicia, é moi oportuna a incorporación da vivenda habitual, pero cremos que os informes dos servizos municipais, que non son só dos servizos sociais, se deben de incorporar na ordenanza tipo que cremos que se debe de aprobar e acordar coa Fegamp...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E ese é outro acordo que lle trasladaremos ao Partido Popular. Agardo que sexa aprobado nestes termos ou nalgúns parecidos que poderemos tratar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención axeitada á interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública, así como os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do medio rural

O señor PRESIDENTE: Esta proposición non de lei foi emendada por todos os grupos con representación nesta Cámara.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación do punto 2.

Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

<<2. Garantir que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos —recoñecidos como dereitos humanos— na rede pública de saúde galega. De ser necesario, que o Sergas convoque prazas nas que se estableza como requirimento que non se declare obxección de conciencia.>>

Emenda de modificación do punto 3.

Débase modificar o punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

<<3. Garantir que as mulleres contén con toda a atención sanitaria, psicolóxica e emocional que precisen, segundo recollen os protocolos internacionais, tendo en conta as súas inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.>>

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos:

<<5.- Asegurar que o dereito ao aborto contido na Lei Orgánica 2/2010 sexa proporcionado na Sanidade Pública polo seu carácter igualador e democrático. Nese sentido adoptaranse as medidas organizativas e de dotación de recursos humanos e medios materiais suficientes para garantir que as IVE poidan realizarse na sanidade pública galega.

6.- *Informar por escrito ao Parlamento de Galicia das circunstancias que motivan derivar mulleres a clínicas de Madrid para a realización dun aborto.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

«1. Apoiar a decisión do Conselleiro de Sanidade de non recorrer a sentenza xudicial do xulgado contencioso administrativo n.º 2 de Lugo que condena ao SERGAS pola mala atención a unha muller embarazada.

2. Crear un centro de referencia para a atención da interrupción voluntaria do embarazo (IVE), nos supostos de máis de 22 semanas de xestación, con persoal sanitario especializado, na rede sanitaria pública de Galicia.

3. Garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo nos termos que contempla a lei de Saúde Sexual e Reprodutiva, actualizando o protocolo para adaptalo á evidencia científica, e a corraxir calquera disfunción na súa aplicación ou na asistencia prestada a ditas mulleres.»)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Graciñas, boa tarde a todas e a todos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego traemos de novo a esta Cámara a defensa do dereito ao aborto coas debidas garantías na sanidade pública, despois de coñecermos a sentenza xudicial que condena o Sergas por negligencia no caso que atinxe a unha muller da comarca da Mariña, en Lugo. Unha condena que instamos desde a nosa organización a non recorrer por parte da Consellería de Sanidade, porque publicamente aínda non se dixo que non sería recorrida.

Con esta proposición non de lei, no BNG queremos ir máis alá do caso concreto e garantir o dereito ao aborto na sanidade pública para todas as mulleres, rematando con casos como os acontecidos no Hospital da Coruña e no Arquitecto Marcide de Ferrol, onde mulleres se viron na obriga de expulsar o feto no baño da propia habitación hospitalaria, soas, sen acompañamento de ningún profesional, ou que foron derivadas, como o caso da denunciante, a clínicas privadas, algunhas mesmo fóra do territorio galego.

Os testemuños destas mulleres, e a propia condena ao Sergas, poñen de manifesto as precarias condicións nas que se levan a cabo as interrupcións do embarazo a partir do segundo trimestre de xestación da semana 12 no noso país.

Na Galiza producíronse no ano 2014, o último do que se rexistran cifras oficiais, 3.351 interrupcións voluntarias do embarazo; delas, só 260 tiveron lugar na rede sanitaria pública. Foron datos, ademais, proporcionados polo daquela director de Asistencia Sanitaria na Comisión de Sanidade na anterior legislatura. É dicir, o 92 % dos abortos que teñen lugar na

Galiza foron practicados en clínicas privadas. Así as cousas, descoñecemos a cifra daqueles que se levaron a cabo fóra do país en centros extrahospitalarios privados que contan con convenios asinados co Sergas, como a Clínica Isadora en Madrid. Esa é unha información que non se fixo pública ata o momento.

No centro do debate sitúase o conflito entre o exercicio de dous dereitos: o das mulleres a interrompermos voluntariamente a nosa gravidez, de acordo co disposto na lei de prazos, e o do cadro de persoal hospitalario a declararse en obxección de conciencia para non os practicar. Este último feito lévanos a que, en boa parte da rede hospitalaria pública galega, non se practiquen abortos porque os profesionais se declaran en obxección de conciencia.

Neste senso, traemos unha proposta concreta para blindar o dereito das mulleres galegas ao aborto, coas debidas garantías, na rede sanitaria pública, tendo en conta tamén a situación xerada polo dereito a obxectar, se ben cremos que debería abrirse o debate social e político arredor da obxección nun curto prazo de tempo.

Vivimos nunha sociedade madura, adulta, capaz de abrir debates tradicionalmente controvertidos para continuar a avanzar, limpando o dereito ao aborto da carga ideolóxica e moralista que aínda paira sobre el. Mais hoxe o que propomos é a creación de dous centros de referencia no noso país para a atención da interrupción voluntaria do embarazo: un na zona norte e outro na zona sur do país. Con persoal sanitario especializado, con recursos e con equipamento, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre dereitos sexuais e reprodutivos. A creación dos dous centros de referencia supón un compromiso concreto para a garantía dun dereito fundamental como é o aborto na sanidade pública do noso país, e no interior do propio territorio galego, independentemente da semana de xestación na que se producir o aborto.

O Partido Popular proponnos unha emenda que contempla só un centro para atender os casos que se produzan a partir da semana 22 de xestación, mais estes representan menos do 1 % do total de abortos que se producen no noso país. O groso das mulleres quedarían, polo tanto, na situación actual: empurradas maioritariamente á sanidade privada.

É por iso que instamos a Xunta de Galiza a convocar prazas nas que se estableza como requirimento non declararse obxector de conciencia e establecer un protocolo concreto que forneza as mulleres dunha atención axeitada nos abortos. Un protocolo que debe recoller, ao noso entender, como xa veu defendendo ademais o propio movemento feminista, recoller os casos concretos de interrupción do embarazo a partir do segundo trimestre de xestación, a indución e o expulsivo nunha sala acondicionada con posibilidade de asistencia e de anestesia epidural, e a atención de profesionais de xinecología e matrona, para alén de apoio emocional ao longo de todo o proceso, abordando de maneira integral a saúde física, mais tamén psicolóxica, das mulleres.

Finalmente, instamos tamén nesta proposición o Goberno galego a dotar os concellos do rural de profesionais de xinecología nos centros de orientación familiar de referencia para garantir a atención de todas as mulleres sen discriminación algunha por razóns xeográficas, independentemente de que vivamos no rural ou en áreas urbanas.

Cando coñecemos esa sentenza que condenaba o Sergas, o presidente da Xunta de Galicia dixo que procurarían unha solución para garantir a combinación deses dous dereitos: dunha banda, o dereito das mulleres a abortar, pero tamén o dereito dos profesionais a declararse en obxección de conciencia. Hoxe, o que nós traemos é unha proposta concreta para garantirmos eses dous dereitos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

A Lei 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva —cito textualmente—, dicía: «O desenvolvemento da sexualidade e a capacidade de procreación están directamente vinculados á dignidade da persoa. A decisión de ter fillos e cando telos constitúe un dos asuntos máis íntimos e persoais que as persoas afrontan ao longo das súas vidas. Os poderes públicos están obrigados a non interferir neste tipo de decisións».

O primeiro parágrafo do preámbulo dunha lei ás veces di bastante máis que moitas intencións políticas.

Falamos hoxe aquí dun dereito, porque é un dereito. As administracións públicas están para garantir os dereitos, entre outras cousas. E, sen embargo, temos un sistema ineficiente. Ineficiente, porque hoxe ese dereito non se pode garantir plenamente en Galicia e, polo tanto, nós ao que vimos aquí é a exigir que se cumpra unha lei. Nós estamos de acordo coa iniciativa presentada, aínda que exporei agora algunha idea que creo que a pode enriquecer pero, evidentemente, estamos de acordo.

Existe, evidentemente, unha porcentaxe moi baixa de interrupcións voluntarias do embarazo que se producen en Galicia, como todos coñecemos. Na sanidade pública galega non se producen todas as interrupcións voluntarias do embarazo que son desexadas. A Administración é lenta, nun caso no que, ademais, a lentitude produce moitísimos problemas, porque non estamos falando de algo que se poida demorar no tempo. A lentitude, nestes casos, estamos falando de que produce pasar dun trimestre a outro, de ter que cambiar as decisións médicas que se toman. E ocorre, con esta lentitude, e ocorre, con este desinterese da Administración por facer cumprir esta lei, que ocorren casos, como todos coñecemos, dunha muller que pasa por un proceso doloroso, física e emocionalmente; que ve como a súa decisión, o seu dereito, se ve ninguneado. Neses casos, nos que a xustiza xa falou, é certo que non se pode reparar ningunha das dores sufridas, e a Administración non pode quedar tranquila con iso. Non pode facer que non se entera.

Estamos pedindo unicamente que se cumpra a lei. Pero cumprir a lei, ás veces, semella máis complicado do que parece, porque a esta Administración da a sensación de que non lle gusta facer cumprir algunhas leis. Moito lles gusta a algúns dirixentes políticos deste país dicirlles

a outros que teñen que cumprir as leis aínda que non lles gusten. Eu estou de acordo con esa idea, profundamente de acordo. Por iso invito o Goberno galego a que faga cumprir esta lei, aínda que non lle guste, porque esta lei non lle gusta. Fágana cumprir porque é un dereito.

Non sexan revanchistas. Non prexudiquen as persoas por non estar de acordo coas súas decisións. Sexan eficientes, por favor. Dotemos dos recursos necesarios, persoais e materiais, para que este dereito se poida cumprir e se poida exercer. Aínda que nos últimos días escoitamos incluso que se podían expiar os pecados do aborto, aquí estamos para falar de dereitos, non crean que iso é suficiente. Nós estamos para facer cumprir esas normativas. Polo tanto, imos estar a favor desta proposta, imos estalo porque cremos que recolle a esencia do que defendemos, que é ese cumprimento dun dereito. Ninguén, ninguén aborta con alegría, ninguén o fai con ledicia, ninguén o fai por unha vontade sobrehumana de dicir «como me gusta». Son procesos dolorosos, duros, difícilísimos. Non fagamos nada como Administración, como responsables da dirección deste país, non fagamos nada que afonde aínda máis na dor das persoas que teñen que pasar por ese proceso porque non hai dereito a que non se cumpran os seus dereitos.

Polo tanto, nós imos apoiar esa idea pero, ademais, imos suxerir, primeiro, incluír como emenda garantir —dende logo non podería ser doutra maneira— que as mulleres que desexen exercer ese dereito o poidan facer en Galicia, que hoxe en día non se cumpre. E, ademais, propoñemos unha parte da emenda para que existan decisións médicas sobre os métodos, porque é posible que exista necesidade de avaliar cada caso, cada detalle, que sexa así, pero unicamente estamos falando de microdetalles nunha idea que recolle o que nós pensamos. Nós cremos de verdade na liberdade das persoas para decidir sobre a súa propia vida. Estou convencido de que ese concepto non é propio de ningún partido, non é propio de ningunha ideoloxía, non o é, e estou plenamente convencido, pero a nosa responsabilidade é exercer nese sentido e, polo tanto, eu o que lles pido é que tamén teñan en consideración esta proposición, que a teñan en consideración porque unicamente lles está a pedir que cumpramos unha lei, unha lei que dá dereitos, porque cando as leis que dan dereitos non se cumpren estamos non só vulnerando a lei, senón vulnerando o dereito. E non nos corresponde, non temos a lexitimidade e, dende logo, non podemos incumplir unha lei para facer que non se cumpran os dereitos das persoas. Polo tanto, nese debate nós sempre imos estar.

Lembren, os poderes públicos están obrigados a non interferir neste tipo de decisións, nin por acción nin por omisión, iso é o que di a lei e, polo tanto, invitámoslos a que a cumpran.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Dende En Marea votaremos a favor desta proposición non de lei porque entendemos que a súa aprobación e a súa aplicación suporían un avance na defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres galegas, especialmente das que viven en zonas rurais. De feito, a única emenda que propomos é porque entendemos que debemos apostar por facer estes procedementos sempre na sanidade pública galega. E a outra parte da emenda vén motivada porque entendemos que debemos coñecer as causas concretas, que é o que está motivando que as mulleres galegas teñan que desprazarse tantos quilómetros para poder exercer este dereito, porque se esta vendendo, tanto nos medios de comunicación como en moitas comparencias, que é unha opción que teñen as mulleres galegas pero na realidade esta non é unha opción, é unha obriga para moitas delas.

Tivo que perder, hai catro anos xa, unha muller o útero e a posibilidade de ser nai para que o Partido Popular reaccionara dunha vez por todas e anunciara, agora si que si, un plan integral. Este anuncio realizouse despois de que se coñecera a dura sentenza que condena a Administración pública a pagarlle a esta muller 270.000 euros, á muller que arriscou a súa vida para ir abortar a Madrid. Ata ese momento o protocolo era axeitado, tivo que chegar unha sentenza para que o Partido Popular rectificase. Por suposto, non hai ningunha indemnización que poida resarcir todo o dano feito a esta muller, pero o mínimo sería poñer todos os medios, todos os recursos necesarios, para que esta situación non se volva repetir en ningún caso. E isto é unha cuestión de vontade política, porque o Sergas ten as competencias, o Sergas ten unha rede hospitalaria que conta con persoal e con medios suficientes pero non se están aproveitando porque non se quere. Xa hai oito meses, as negligencias advertidas polos colectivos feministas e polos colectivos de afectadas no Hospital Materno-Infantil da Coruña fixeron que esta polémica saltara aos medios de comunicación de todo o Estado español. Entón, cando isto saltou, entón, o Partido Popular tamén se preocupou. Pero, como dicía Olaia, xa antes, moito antes, moitas mulleres estiveron denunciando as condicións precarias e pésimas nas que tiveron que exercer o seu dereito ao aborto, soas, sen atención médica, nun baño ou tendo un período expulsivo nunha cuña. Isto é totalmente intolerable e, repito, que se deran estas situacións é unha cuestión de vontade política. O que ten que haber é dunha vez por todas un compromiso e un interese real en resolver este problema. Pero eu non teño esperanza porque o certo é que vostedes non poñen os medios porque vostedes non cren no aborto como dereito e, por iso, nomean a unha activista antiabortista como xefa de gabinete do Ministerio de Sanidade. Por iso, tamén, reformaron a Lei do aborto en sentido restritivo, pero tropezaron de fronte coa resistencia de moitísimas mulleres e tiveron que dar marcha atrás. Pero non foron vostedes os que retiraron o ministro Gallardón, fomos nós as que saímos á rúa e fixemos que dimitira.

E eu fágome unha pregunta: ¿teñen que agardar, outra vez, a que cheguen esas sentenzas?, ¿teñen que agardar a que a problemática salte aos medios de comunicación para que se articulen estas medidas?, ¿por que non se unificaron xa os protocolos garantindo unha atención de calidade? En cada provincia, en cara área sanitaria, a atención é totalmente diferente e isto debe rematar de inmediato, non é posible que unha soa muller teña que volver pasar por este calvario. ¿Por que non temos en Galicia un acceso universal, en igualdade de condicións, as mulleres no rural e no urbano? Porque non se está cumprindo a lei, non se está cumprindo a lei, porque a lei di expresamente que todas as mulleres

teñen que ter o mesmo acceso e, neste momento, as mulleres que viven no ámbito rural teñen moitísimas máis dificultades.

Por outra banda, con respecto ao debate da obxección de conciencia, que planteaba tamén a compañeira do Bloque Nacionalista, nós cremos que non está ben regulada pero, aínda estando ben regulada, un dereito non pode condicionar en ningún caso un dereito colectivo de mulleres para abortar. Entón, terían que buscarse as fórmulas precisas para resolver un problema que é un problema de saúde como calquera outro, non é diferente porque nos afecte só a nós, as mulleres, é igual aos demais e ningunha muller debería volver a ter que ver perigar a súa vida por culpa da obxección de conciencia. A emenda do Partido Popular de que un centro de referencia... un centro de referencia non chega, dous é o mínimo. Por suposto, nós cremos que debería haber un en cada provincia pero dous parécenos que como mínimo. Gústelles ou non, teñen que romper a barreira ideolóxica. Porque detrás destas derivacións atópase iso, unha cuestión ideolóxica de defensa dos valores máis reaccionarios. Gústelles ou non, tamén teñen que ser eficaces na xestión, temos que pór os medios necesarios para que se respecte en Galicia o dereito a decidir das mulleres sobre o seu corpo como o que é: un dereito humano fundamental. Por iso, ademais de discursos, queremos compromisos firmes e, por iso, sobre todo, queremos feitos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Pois ben, acabamos de escoitar nesta Cámara unha iniciativa que trata dun tema especialmente sensible como son os abortos no segundo trimestre, moitos deles euxenésicos, moitos deles por enfermidade de gravidade da nai ou malformación do feto. Disto xa se falou na pasada lexislatura e, desde logo, déronse cumpridas explicación polo conselleiro de Sanidade —aquí presente no debate— e polo meu compañeiro, portavoz de Sanidade, Aurelio Núñez. E comezaba dicindo que era un tema moi sensible, polo que nós cremos que debe manexarse coa máxima seriedade, rigor e respecto, tanto no que se refire ás mulleres como aos profesionais implicados, porque incluso dentro dos mesmos partidos hai diferentes sensibilidades neste tema.

Dende o Grupo Parlamentario Popular lamentamos profundamente o caso da muller da Mariña e somos conscientes e estamos de acordo con vostedes en que a situación psicolóxica das nais pode ser moi delicada nestes casos, isto queremos que vaia por diante. Pero o que non podemos admitir, señoría, é que vostedes nos digan que eses abortos non se practican seguindo os protocolos internacionais. As actuacións que se levan a cabo na rede sanitaria de Galicia son iguais en todo tipo de interrupción de embarazo, non hai diferenzas se se trata dun aborto espontáneo ou voluntario. Aquí teño o circuíto asistencial dos abortos de 14 a 22 semanas. É o mesmo para os dous casos, tanto sexa un aborto espontáneo como sexa

un aborto solicitado ao amparo dos supostos da Lei 2/2010, é exactamente o mesmo, non ten ningunha variación. Polo tanto, nós, señor Torrado, cumprimos as leis, cumprimos as leis como non podería ser doutra maneira. E sorpréndeme que vostede interprete o noso pensamento. Refiren na súa iniciativa, tamén, que en Galicia non se están a cumprir os mínimos que marcan os protocolos. Pois ben, como vostede sabe, a raíz das novas aparecidas que vostede mencionou na prensa da Coruña o ano pasado fíxose unha investigación e paso a darlle o resultado, que supoño que xa o coñece, das actuacións realizadas polos inspectores nas sete EOXI. O equipo inspector, en informe de 30 de marzo, conclúe o seguinte: primeiro, non se constata a existencia de reclamación realizada polas persoas usuarias, nas EOXI; segundo, os recursos humanos e materiais dedicados á atención das IVE adecúanse aos estándares establecidos; e, terceiro, aplícanse os protocolos en vigor. Polo tanto, señorías, se as xinecólogas e os xinecólogos e os inspectores afirman que os protocolos os seguen sen excepción, dende logo non serei eu, dende esta tribuna, quen o poña en dúbida, quen poña en dúbida as súas palabras.

Sobre o caso concreto da paciente derivada a Madrid, xa o presidente da Xunta amosou a súa preocupación e malestar polo que ocorreu e, de feito, o conselleiro de Sanidade xa o dixo —aquí presente—: non vai recorrer a sentenza. Agora ben, pór tamén de manifesto que un erro nunha intervención non implica unha condena a toda unha organización. Os erros humanos existen e todos podemos cometelos, aínda que nalgún caso as consecuencias son recomendadas para quen os padece.

Respecto ao punto segundo, relativo á creación dun centro de referencia, o presidente Feijóo —como vostede xa dixo, señora Rodil— admitiu que se pode mellorar na prestación de atención do IVE no senso de darlles ás mulleres unha solución en Galicia e que non teñan que trasladarse fóra desta comunidade autónoma. Pero eu creo que vostede está nun erro, porque convén precisar que en Galicia, ata 22 semanas de xestación, as IVE se levan a cabo nas EOXI da Coruña, Vigo, Santiago, Lugo e Pontevedra. A partir das 22 semanas é cando se envían fóra da comunidade autónoma e en concreto na EOXI de Ourense asúmense todas as IVE, sexa cal sexa a idade xestacional da súa xerencia. Polo tanto, nós estamos de acordo en solicitar este centro pero non consideramos inicialmente solicitar máis dun, parécenos suficiente pola casuística existente hoxe en día. Como lle digo, ata 22 semanas de xestación practícanse os IVE nas sete EOXI.

Dende o Grupo Parlamentario Popular non teña dúbida de que nos preocupa a atención que se lles dá ás mulleres no caso de ter que someterse a un IVE porque sabemos que non é unha situación para nada agradable nin desexable para elas. E por iso presentamos a seguinte emenda que esperamos conte co seu apoio: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apoiar a decisión do conselleiro de Sanidade de non recorrer a sentenza xudicial do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo que condena o Sergas pola mala atención a unha muller embarazada. Segundo, crear un centro de referencia para a atención da interrupción voluntaria do embarazo con persoal sanitario especializado na rede sanitaria pública de Galicia. E terceiro, garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo nos termos que contempla a Lei de saúde sexual e reprodutiva, actualizando o protocolo para adaptalo á evidencia científica e a corrixir calquera disfunción na súa aplicación ou na asistencia prestada a ditas mulleres.»

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Sempre me preguntei que se dicía aquí, e agora xa o sei.

En primeiro lugar, agradecer aos grupos do Partido Socialista e mais de En Marea que apoiem a nosa iniciativa. E no relativo ás aportacións que fixeron, no caso da Marea imos aceptar as dúas e propoñer unha transacción para a segunda para incorporar que nas estatísticas que se publican na páxina oficial do Sergas se inclúan, tamén, aqueles abortos que se practican na privada, tanto en número total, en taxas, como en porcentaxes, porque na actualidade non se fai público por esta vía.

Respecto das emendas do Partido Socialista, non as imos apoiar por varias cuestións: o primeiro, porque nunha das emendas o que se propón é a supresión dos dous centros de referencia, ao que nós damos especial importancia na nosa iniciativa porque entendemos que é a única maneira de que na actual disposición de recursos e profesionais que existen na nosa rede sanitaria pública, contando, ademais, coa cantidade que xa hoxe se declaran en obxección de conciencia, é a única maneira de ampliar recursos, de ampliar persoal, de ampliar material e ampliar equipamento.

Por pórllles un exemplo, única e exclusivamente, na EOXI de Ourense non se practican abortos; todos se declaran en obxección de conciencia. En boa medida fíxose público, e ademais o doutor Doval —que é unha persoa de renome— así o comunicou publicamente, pola falta de recursos e pola falta de persoal, non por unha razón moral ou ideolóxica.

En relación co que comenta agora a deputada do Partido Popular, non constaba ningunha reclamación nin ningunha queixa oficialmente presentadas polas mulleres que se viron nesa situación, porque elas pensaban que a práctica médica que se estaba desenvolvendo era a que se axustaba co que debía ser unha boa prestación na asistencia sanitaria, e dígollo, ademais, como xornalista que traballou fundamentalmente neste tema e que puideron, ademais, entrevistar a varias das mulleres —unha delas Leticia— que se viron abocadas a ter que expulsar o seu feto —neste caso de 16 semanas— encima dunha cuña no propio baño da habitación. Non presentaron, neste sentido, ningún tipo de reclamación escrita, a pesar da situación tan agravante que para elas supuña isto, porque pensaban que así era como debía levarse a cabo esa práctica.

Xa para rematar, non imos aceptar ningunha das outras dúas emendas. No primeiro dos casos, porque é a primeira noticia que temos, de maneira pública ou oficial, de que o conselleiro non ía presentar ese recurso. O que nós queríamos unicamente —e non vou facer causa disto— era, precisamente, que o Sergas non recorrese, e alegrámonos, nese sentido, de que a Consellería decidira finalmente que iso fose así.

E a respecto dos centros de atención específicos para as interrupcións voluntarias do embarazo, claro está que nos temos que fiar do que vostede nos di agora, porque non coñecemos

a cifra oficial daquelas interrupcións voluntarias do embarazo que se someten ou se practícan fóra do noso país ou do noso territorio. É que non existen cifras públicas estatísticas, nin oficiais, publicadas pola Consellería de Sanidade.

O que nós queremos e o que nós defendemos na nosa proposición non de lei é que a Xunta garanta que esa interrupción voluntaria do embarazo se practique na rede sanitaria pública. O que están facendo vostedes é derivar a clínicas privadas as mulleres que teñen que abortar a partir do segundo trimestre de xestación, como a clínica Arce, por exemplo, na Coruña. O que nós queremos é que se faga dentro da rede sanitaria pública do noso país.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias cos axentes sociais e, sinaladamente, cos sindicatos con representación no sector público para o cumprimento das sentenzas ditadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de indemnización por remate de contratos laborais

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas, e a través do seu portavoz, Luís Villares Naveira, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inste o Goberno do Estado para que realice o cambio necesario na lexislación laboral española, que ten que empezar pola derogación das dúas últimas reformas laborais.»)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo as accións necesarias ante o Goberno central, para que de cara a garantir a seguridade xurídica e reforzar a estabilidade dos traballadores, o Grupo de Expertos, xa creado para tal fin, estude na maior brevidade posible a citada sentenza e o seu alcance, de tal forma que permita dar cumprimento a mesma no marco do diálogo xa aberto cos axentes sociais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Como saben, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou, o pasado 14 de setembro deste ano, unha sentenza que establece que a indemnización entre os contratos indefinidos e os temporais non debe de ser diferente só e unicamente por este motivo, a temporalidade. No asunto que coñecen, Ana de Diego, procedente dun preito no ámbito do Ministerio de Defensa, no que o propio Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade de Madrid elevou a correspondente cuestión prexudicial, o propio Tribunal Europeo establece que os contratados interinos tamén teñen dereito a percibir unha compensación ao rescindir o seu contrato. Esta foi finalmente, ademais, a decisión que o tribunal que formulou a cuestión prexudicial, o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, adoptou o pasado 5 de outubro.

Na vixente normativa laboral española, os contratos indefinidos teñen unha indemnización de vinte días por ano traballado á súa finalización, trinta e tres, como saben, no caso dos despedimentos improcedentes, fronte aos doce días dos contratos temporais, sen que os contratos de carácter interino nin os formativos teñan dereito a indemnización de ningunha clase, conforme o que establece o propio artigo 49.1.c) do Estatuto dos Traballadores.

Neste fallo, os xuíces comunitarios defenden que esta indemnización por fin de contrato non pode ser diferente unicamente, como dixen, por razón da temporalidade do contrato. A duración do contrato non é causa obxectiva, polo que a lexislación española —sinala esta sentenza do Tribunal Europeo— contradí a Directiva 1999/70, e as indemnizacións entre indefinidos e interinos de carácter comparable deben equipararse, como, polo demais, acaba de fallar recentemente o Xulgado do Social número 2 de Ourense, no ámbito dos servizos complementarios de Educación.

Ademais, temos que ter en conta que a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco ampliou este criterio da xustiza europea tamén aos contratos eventuais, na súa sentenza do 18 de outubro actual, equiparando así o réxime de indemnizacións por fin de contrato entre contratos fixos comparables, como dicía, e contratos eventuais, entre os que se encontran tamén os dos traballadores interinos.

Debemos incidir en que a Directiva 1999/70, infrinxida pola normativa española sen a do Tribunal Europeo, incorpora as cláusulas do Acordo marco sobre o traballo de duración determinada, asinado xa o 18 de marzo de 1999 pola CES, a Unice e a CEEP; é dicir, tanto pola patronal europea como polas organizacións sindicais de ámbito europeo.

Este acordo marco ten como un dos seus principios mellorar a calidade do traballo de duración determinada, garantindo a aplicación do principio de non-discriminación e a vontade de establecer un marco para impedir os abusos derivados da utilización dos sucesivos contratos de traballo de duración determinada ou de relacións laborais deste tipo.

Lembremos que a cláusula 4 do dito Acordo marco europeo, base do pronunciamento xudicial comunitario que estamos a expoñer, titúlase principio de non-discriminación, sinalando no seu apartado 1 que, polo que respecta ás condicións de traballo, non poderá tratarse aos traballadores cun contrato de duración determinada dunha maneira menos favorable que aos traballadores fixos comparables polo mero feito de ter un contrato de duración determinada, a menos que se xustifique un trato diferente por razóns obxectivas.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea observa que esta desigualdade na normativa española é aínda máis evidente no que atinxe aos traballadores con contratos de interinidade, aos que a normativa nacional non reconece indemnización algunha cando dito contrato finaliza, incluso con arreglo á propia normativa.

E por se houberse algunha tentación —como estamos a observar en determinados sectores— de facer unha interpretación restritiva deste fallo comunitario, debemos ter moi presente o principio de dereito social da Unión Europea que o impide. Lembremos a absoluta primacía da xurisprudencia comunitaria á hora de resolver as cuestións prexudiciais conforme o artigo 234 do tratado da CE.

A este respecto, tamén debemos traer a colación que xa o propio Tribunal de Xustiza Europeo entende que o concepto «condicións de traballo» inclúe tamén a indemnización dos contratos. Sinala de forma contundente que nin a natureza temporal da relación contractual nin a existencia de disposicións normativas no dereito nacional relativas ao réxime indemnizatorio das distintas clases de contratos, poden por si soas constituír razóns obxectivas que xustificasen esa diferenza de trato.

Sen prexuízo —como sinalamos no texto da proposición non de lei que presentamos— de que estes recentes pronunciamentos xudiciais afectan á normativa laboral básica de competencia estatal, e mentres o Goberno do Estado analiza a súa interpretación e posible necesidade de adaptación do Estatuto dos Traballadores á Directiva comunitaria, incumprida conforme a este pronunciamento comunitario, os axentes sociais veñen mostrando a súa preocupación polos efectos destas sentenzas, o que exige abrir o necesario diálogo social. Cuestión que, polo demais, afecta tanto ao sector privado como ás administracións públicas.

Non obstante, a competencia do Estado para negociar e debater a necesaria adaptación da nosa lexislación laboral, a aplicación desta nova doutrina xurisprudencial da Unión Europea en materia de indemnización por finalización dos contratos laborais ten e vai ter, necesariamente, unha importante repercusión laboral e económica, posiblemente, no noso sector público autonómico. Lembremos que temos no sector público do Estado en torno a 300.000 contratos de interinidade, o que supón en torno ao 11 % do total de efectivos da Administración pública do noso país, que ascende a un 20 % nos sectores do ensino e da sanidade.

A este incremento das taxas de emprego público temporal non pode ser alleo ao propio sector público de Galicia, que incrementou de forma sensible, de 10.000 a 15.000, os contratos desta clase entre o ano 2011 e 2015, en gran medida, tamén, con motivo das restricións das taxas de reposición de efectivos, que teñen impedido realizar as necesarias ofertas de emprego público que permitan asegurar as dotacións estables de persoal nos servizos públicos básicos.

Evidénciase así a absoluta necesidade de adoptar tamén, por parte do Goberno galego, todas as medidas precisas para harmonizar a doutrina social europea neste suposto concreto ás condicións dos traballadores temporais en materia de indemnizacións ao remate dos seus contratos, deixando así de ser sometidos a un tratamento discriminatorio respecto dos traballadores fixos comparables.

É hora xa —e non só con motivo destes pronunciamentos xudiciais da Unión Europea, que deben de ser observados sen restrición interpretativa— de deixar de afondar na precariedade e na calidade da contratación laboral tamén no sector público de Galicia.

Poderíamos tamén falar da outra sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea da mesma data, que, por outra parte, pon en cuestión a cobertura temporal de funcións estruturais no ámbito da sanidade pública, pero esa é unha cuestión a formular tamén noutro ámbito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten preguntado ao Goberno galego diversas cuestións. Se ten valorado a repercusión cuantitativa e cualitativa destes pronunciamentos xudiciais na súa política de contratación laboral de agora en adiante. Se ten a Xunta de Galicia cuantificado o número de contratos laborais indefinidos, eventuais e interinos afectados nos seus diferentes sectores de actividade principal, ben na Administración xeral, ben no ensino, ben na sanidade, nos servizos sociais ou na xustiza, e que medidas ten previsto tomar para observar a correcta aplicación desta sentenza comunitaria.

Por todo isto, o Grupo dos Socialistas de Galicia presentamos neste debate, para a súa aprobación, esta proposición de lei. Cremos que é momento de empezar a recuperar a calidade do emprego, non só por estes mandatos dos tribunais europeos, que nos están a indicar o camiño que deberíamos estar seguindo, senón que, conforme o novo escenario que, polo que parece, se nos presenta en termos económicos e orzamentarios, estaríamos en condicións de reverter a devaluación social sufrida polo emprego en xeral e tamén polo emprego público en Galiza en particular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Polo Grupo Parlamentario En Marea ten a palabra José Manuel Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde, deputadas e deputados.

Quero empezar dicindo unha confesión persoal, e é a emoción e responsabilidade que para min ten falar por primeira vez nesta sala. Os deputados veteranos é posible que o teñan esquecido, pero falar onde reside a soberanía do pobo galego a min, dende logo, provócame un enorme respecto.

Ben, a proposición non de lei que presenta o Partido Socialista fai referencia á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 14 de setembro, no que o tribunal ditamina que o

persoal funcionario interino ten que ter os mesmos dereitos que o resto dos traballadores en termos indemnizatorios.

Pero ese mesmo día, o 14 de setembro, o Tribunal de Xustiza ditou dúas sentenzas que aínda teñen maior calado. A primeira desas sentenzas afecta de forma especial á Administración pública, e, polo tanto, á Xunta de Galicia, porque declara que os tribunais españois teñen que adoptar medidas para evitar o abuso na contratación temporal que fan as administracións públicas, cubrindo prazas estruturais con persoal laboral.

Eu xa lles aviso: váianse preparando, porque ese abuso da precariedade laboral na contratación para persoas que traballan na Administración pública acaba no noso país unhas cifras enormemente elevadas.

A segunda sentenza é máis relevante aínda porque afecta ao conxunto dos asalariados, non só aos funcionarios. Afecta aos traballadores do sector privado tamén. En concreto, a sentenza do Tribunal no asunto 596/14 considera que a lexislación española discrimina as persoas asalariadas con contratos temporais, porque non lles reconece unha indemnización equivalente á que teñen as persoas con contrato indefinido cando se extingue a relación laboral. Polo tanto, exige dos tribunais españois que reconezan unha indemnización aos traballadoras temporais equivalente á establecida para o despido por causas obxectivas: isto é, vinte días por ano de servizo.

Sen dúbida, o día 14 de setembro foi un gran día para os dereitos laborais no noso país. Tivo que facelo un tribunal da Unión Europea. Pero ese foi un bo día, porque esas sentenzas desqualifican en toda regra boa parte da norma laboral española, poñendo en evidencia, diante de toda Europa, a discriminación laboral que sofren as persoas con contratos temporais e o uso e o abuso que fan as administracións públicas da contratación temporal.

Son sentenzas de obrigado cumprimento que fan inevitable a reforma da norma básica da lexislación laboral española: o Estatuto dos traballadores. E teñen que facelo para poñer couto á precariedade laboral como práctica habitual tanto nas administracións públicas como nas empresas privadas.

Son sentenzas que marcan un camiño, o da necesaria contrarreforma laboral para desandar o camiño da desregularización e da precariedade que se empezou a aplicar neste estado a partir de 1984.

Non o saben, pero vóullelo dicir eu. Dende entón, fixéronse en España 52 reformas laborais. Nada se ten reformado máis neste estado que o mercado de traballo; ¡nada! Pero todas as reformas foron na mesma dirección: reducir os dereitos dos traballadores para combater unha suposta rixidez no mercado de traballo. Co argumento da flexibilidade, facilitouse o abaratamento e o procedemento de despidos, xeneralizouse a contratación precaria e desregulouse a negociación colectiva. Levamos trinta e dous anos polo camiño da desregularización e a precariedade, 52 reformas laborais, e aí estamos: o Estado que ten o maior nivel de paro e o maior nivel de precariedade en toda Europa.

Como non hai ningún conselleiro do ramo, voules preguntar a vostedes, señoras e señores deputados do Partido Popular. ¿Vostedes saben cantas contratacións se rexistraron nas oficinas públicas do Servizo de emprego en Galicia nos últimos dez anos, nos anos da crise? ¿Saben cantas? ¿Medio millón? ¿1 millón? ¿3 millóns? ¿5 millóns? Non, 7.615.771 contratos de traballo. E algún aínda fala de que non existe flexibilidade laboral neste país. Eu tamén. Non hai flexibilidade, o que hai é precariedade laboral extrema. Case oito millóns de contratos cando temos unha poboación asalariada de 800.000 persoas de media. E cando, dentro deses 800.000, son 200.000 os que teñen un contrato temporal.

Remato.

Cumpran coas sentenzas do alto tribunal europeo, esas tamén son normas, como os ditados da Troica para a consolidación fiscal. Unha parte diso afecta directamente á Xunta de Galicia: ten que rematar co abuso da contratación temporal no sector público. Esa é a súa responsabilidade inmediata: negociar coa representación legal dos traballadores un novo modelo de contratación acorde coas sentenzas do tribunal europeo. Pero hai que ir máis alá, por iso nós emendamos, aínda que apoiemos, a proposición non de lei que defendía o Partido Socialista. Non hai máis remedio. Hai que mudar a lexislación laboral española, e para iso hai que derrogar as dúas últimas reformas laborais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Certamente, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nunha recente sentenza da que xa faláron os que me precederon no uso da palabra, equipara as indemnizacións por finalización de contratos temporais aos contratos indefinidos. Pois o impacto que supuxo a aparición desta sentenza no ámbito das relacións laborais levou o Goberno de España, por medio do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, á creación dun grupo de expertos que, como vostedes ben saben, están a analizar o alcance e as implicacións da devandita sentenza, sobre todo no que ao seu acatamento se refire.

Agora ben, señorías, tamén vostedes saben que o seu fallo xudicial ten efectos xurídicos esencialmente sobre os casos concretos plantexados, e non é extrapolable ao resto dos traballadores. E como moi ben dixo o señor Díaz, na nosa Comunidade Autónoma non se conta, por falta de competencia normativa, cunha lexislación específica que regule esta materia, polo tanto, aplícase directamente o Estatuto dos traballadores, que no seu artigo 49.1.c) constata que a extinción dun contrato de interinidade non comporta o aboamento de ningunha indemnización. A maiores, tampouco existen sentenzas do Tribunal Supremo sobre este asunto, e tendo en conta que as directivas comunitarias non son directamente aplicables, calquera actuación da Administración que comporte o aboamento dunha indemnización por extinción dun contrato laboral temporal debe vir dada pola modificación do Estatuto dos traballadores, que é a lexislación básica, de competencia exclusiva do Estado.

Por tanto, señorías, temos que ser escrupulosos no cumprimento da lexislación vixente, respectar as competencias que en materia laboral ten atribuídas o Estado e, dende a Comunidade Autónoma, regular sobre aqueles aspectos sobre os que temos competencia normativa; é dicir, sobre a regulación propia que desenvolva a lexislación básica estatal respecto do persoal laboral. En consecuencia, non podemos apoiar a súa proposta para instar o Goberno galego a proceder á equiparación das indemnizacións por finalización dos contratos laborais temporais aos contratos indefinidos.

Vostede mesmo, señor Díaz, na parte dispositiva da súa proposta, di claramente que a competencia para negociar e debater a necesaria adaptación da nosa lexislación laboral á aplicación desta nova doutrina xurisprudencial en materia de indemnizacións por finalización de contratos laborais é do Estado.

Por iso no Grupo Popular, conscientes da importancia que ten este asunto —sobre todo polo número de persoas que poden verse afectadas no ámbito da Comunidade Autónoma—, presentamos unha emenda para que o Goberno galego leve a cabo as accións necesarias ante o Goberno central de cara a garantir a seguridade xurídica e reforzar a estabilidade dos traballadores; e que o grupo de expertos designado para tal fin —como vostedes coñecen— estude, á maior brevidade posible, a citada sentenza e o seu alcance, de tal forma que permita dar cumprimento á mesma no marco do diálogo xa aberto cos axentes sociais. Un diálogo, por outra banda, señorías, que vostedes xa saben que se está abordando nos diferentes ámbitos das distintas consellerías da Xunta de Galicia. Concretamente —como está aquí o conselleiro, e vostede, señor Díaz, tamén falou deste tema—, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas xa se reuniu coas organizacións sindicais para abordar este asunto, referido, sobre todo, á contratación eventual e ás pretensións indemnizatorias.

Pero tamén é importante destacar que no ámbito sanitario público non existe, ata o de agora, sentenza ningunha da Unión Europea que obrigue a indemnizar o cesamento do persoal estatutario. Por tanto, señorías, o Sergas está a cumprir neste aspecto o determinado na lexislación básica estatal.

Tamén falou vostede, señoría, da taxa de reposición. Como ben sabe, tamén é unha competencia estatal, pero, a pesar diso, a sensibilidade do Goberno galego nese sentido tamén se viu reflectida cando no Pleno da Comisión de recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde a Administración sanitaria galega avogou pola súa desaparición.

Conclúo, señor presidente.

Existen varias opcións posibles para evitar a discriminación posta de manifesto na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Por iso, nós consideramos que é prudente esperar os resultados tanto das negociacións ou xuntanzas que por este motivo están tendo lugar entre os axentes sociais e o Ministerio de Traballo, no ámbito do Estado, como das conclusións ás que chegue este grupo de expertos designado para tal fin. Consideramos oportuno que isto sexa así, que os tempos se marquen deste xeito, por iso presentamos esta emenda que nós consideramos que non ten ningún atranco para poder ser aceptada polo Grupo Socialista.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra Montserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Efectivamente, estamos diante dun tema de relevancia, polas consecuencias que pode ter a sentenza esta do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que acaba de recoñecer que a lexislación española carece de remedios eficaces para loitar contra a fraude e a utilización fraudulenta de contratos e nomeamentos precarios, fundamentalmente no ámbito das administracións públicas.

É evidente, o BNG leva denunciado nesta Cámara en múltiples ocasións a precariedade e a actuación contra os dereitos dos traballadores e traballadoras por parte da Xunta de Galiza. Efectivamente, as competencias en materia laboral son competencias do Goberno de Madrid nunha parte importante, tamén porque o Goberno galego non quere nin demandar nin ter competencias, señora Paula Prado. ¡Claro! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, dígoo porque vén hoxe aquí así, en plan compunxido, de... ¡claro, nós non temos competencias!... patada para arriba... e entón, nós aquí ao que diga Madrid. Continuamente ao que diga Madrid. Si, nós aquí ao que diga Madrid porque non temos competencias. E, claro, en caso de dúbida, ¿para que imos ser proactivos e defender os intereses dos traballadores e traballadoras galegos das administracións públicas? Non, non imos ser proactivos, non vaia ser que nos poñamos por unha vez do lado dos traballadores e traballadoras. Nós aquí de brazos cruzados, esperando que Madrid decida.

Entón, eu teño que manifestar, en nome do BNG, a nosa preocupación. Non preocupación pola sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, senón porque teña que haber unha sentenza destas características para que se dean conta de que non están actuando ben. Porque o Tribunal de Xustiza da Unión Europea se manifestou en varias cuestións, pero en dúas relevantes. Por un lado, na diferenza de trato aos traballadores públicos en función de se o contrato que teñen é indefinido ou é de interinidade, e establece que isto non pode ser así. Pero o Tribunal de Xustiza da Unión Europea tamén se pronunciou sobre a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais, e determina que esta práctica vulnera a normativa europea. E aí si que ten competencias o Goberno galego, aí si que ten competencias o Sergas. Aí si que temos denunciado aquí, por activa e por pasiva, que estaban abusando desta figura e que estaban precarizando o que é a contratación pública, fundamentalmente na Consellería de Sanidade; é dicir, aí non teñen ningunha escusa para poder actuar.

Pois estas sentenzas o que veñen é a ratificar as denuncias e as peticións de rectificación da política laboral do Partido Popular que leva o Bloque Nacionalista Galego realizado nesta Cámara. Temos denunciado en múltiples ocasións que leva a cabo unha política de persoal que precariza e destrúe emprego. Temos denunciado o sistemático uso da taxa de reposición, que o que ten ocasionado é a eliminación de postos de traballo na Administración pública galega a través desta práctica. E temos denunciado tamén as escasas convocatorias de OPE, o cal significa que hai un abuso sistemático do contrato temporal — sexa de inte-

rino, sexa de contratos temporais— que o que fai é que o emprego público cada vez sexa de peor calidade.

E con isto o que se está é vulnerando o dereito dos traballadores e traballadoras, pero, ao mesmo tempo, o que se está é a dificultar a prestación do servizo, que é a segunda cuestión que se deriva desta práctica. Co cal, o BNG apoiamos esta iniciativa. Somos conscientes da complexidade da aplicación, pero no que non estamos de acordo é en que por parte da Administración do Goberno galego ou do Goberno español non se actúe, que deixen que sexan os xulgados os que ao final determinen cal é a relación laboral. E sería tremendo que chegáramos á conclusión ou que chegáramos ao feito de que sexan os xulgados os que establezan as relacións laborais entre a Administración e os empregados públicos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Seguindo a orde de intervencións, efectivamente —como dicía o deputado señor Lago, de En Marea—, o día 14 de setembro si que foi un día especial no ámbito das relacións laborais, porque tivo que ser o Tribunal de Xustiza da Unión Europea o que nos dixera como temos que traballar para modificar a situación das políticas de emprego, tanto dende un punto de vista normativo como dende un punto de vista dos modelos de xestión, non só no ámbito público, senón, evidentemente, tamén no privado.

Como dicía algunha análise destas sentenzas —porque son importantes as que están dándose a coñecer—, seguramente haberá un día antes e un día despois destas sentenzas.

Nese sentido, eu quería agradecer a emenda que presentou En Marea. Eu creo que nós poderíamos engadir á nosa proposición non de lei unha emenda na que non só instemos o Goberno da Xunta, senón que instemos a que a Xunta de Galicia inste á súa vez o Goberno do Estado para facer as modificacións legais oportunas na normativa laboral.

Neste sentido, eu creo, señora Prado, que na emenda poderíamos chegar entre todos os grupos a un acordo, porque estamos todos de acordo en que, efectivamente, a normativa laboral básica é competencia do Estado, hai un comité de expertos, non un proceso tecnicamente de negociación colectiva para analizar esta cuestión, pero iso non impide que, por outra parte, no ámbito de Galicia poidamos tamén ter, polo menos, o noso comité de expertos e traballar neste modelo de emprego.

Creo que, neste sentido, por parte dos catro grupos poderíamos acadar perfectamente unha proposición non de lei na que, por un parte, como digo, instemos o Goberno do Estado a facer o que ten que facer á hora de revisar o Estatuto dos traballadores, pero que o Goberno galego, evidentemente, non só no ámbito do Sergas, senón no resto dos ámbitos do sector

público autonómico, adopte as medidas necesarias non só para aplicar unha normativa que non se pode aplicar mentres non estea modificada, pero si para ter claro cal pode ser o novo modelo de emprego público estable e de calidade.

Nese sentido, creo que —como dicía— os catro grupos podemos chegar a ese acordo de proposición non de lei, e proporemos unha redacción nese sentido. Por iso —como dicía tamén a deputada do BNG Montse Prado—, si que creo que Galicia non é menos, e Galicia pode ser proactiva á hora de utilizar un novo pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea para avanzar en novos modelos de calidade, non só no emprego público, senón tamén no emprego privado.

Nada máis pola miña parte. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Se chegan a acordo con esa proposta de transacción, faránola chegar para a votación de mañá.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todas e a todos.

Quero saudar os representantes dos traballadores do Banco Popular-Pastor que nos acompañan hoxe desde a tribuna de convidados.

No mes de setembro, o banco Popular-Pastor presentou un expediente de regulación de emprego de enormes dimensións, afecta ao 20 % do seu cadro de persoal, e tamén coa intención de aplicación inmediata, a toda celeridade. A proposta inicial era que este ERE afectara a 2.894 traballadores e traballadoras na totalidade do Estado, quedando posteriormente en 2.592.

Este ERE, como o de Extel ou outros similares, ten ámbito estatal, mais onde teñen máis incidencia é en Galiza; é dicir, o ERE en Galiza representa o 15 % dos traballadores do Estado, mais representa o 23 % do cadro de persoal en Galiza, co cal estamos falando non dunha cuestión menor, estamos falando dunhas dimensións que deberían preocupar e ocupar o Goberno galego.

Chama a atención tamén que a parte máis saneada é a do Banco Pastor, con sede aquí en Galiza, e resulta que é a máis afectada polo ERE. Pois, ¡que casualidade! ¡Que casualidade, a parte máis saneada e resulta que é a máis afectada!

Este ERE preséntase só cinco anos despois de que o Banco Pastor fora adquirido en 2011 polo Banco Popular. Naquela altura tiña en Galiza 4.100 traballadores e traballadoras e 5.088 oficinas; representaba arredor do 18 % do mercado financeiro galego. A integración do Banco Pastor no Grupo Popular supuxo a perda, naquela altura, de 800 postos de traballo; 400 persoas traballadoras das oficinas no ámbito territorial, e outras 400 dos servizos centrais, que foron desmantelados, quedando unhas unidades administrativas anecdóticas. É dicir, á parte de perder emprego, á parte de perder oficinas, tamén supuxo a perda de capacidade de decisión, xa que as unidades centrais pasaron a estar en Madrid, cada vez máis lonxe do ámbito de decisión de Galiza. A solución supuxo, naquel entón, unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadores e traballadoras e rede de oficinas.

Sorprendentemente, aquela operación recibiu o apoio do Goberno galego, en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación non de exercer de Goberno galego, senón de exercer de delegados do que decidan en Madrid ou do que decidan os ámbitos de poder, que ao fin e ao cabo son os que mandan.

Bueno, pois agora encontrámonos con que o Banco Popular pretende dar outro golpe de graza ao que quedou da antiga estrutura do Pastor e mais a rede de oficinas que tiña o Popular en Galiza. Anuncian o despedimento, xa firme, de 390 empregadas e empregados dun total de arredor de 1.800 en Galiza —1.756—, é dicir, dos que conta hoxe en día, sobre 1.300 que ten o Pastor e 500 o Popular.

Este anuncio significa debilitar ao máximo a estrutura do banco en Galiza, supón o peche dun total de 42 oficinas e o peche parcial de 25, fundamentalmente no ámbito rural, que só abrirán 1, 2 ou 3 días por semana, das 226 existentes neste momento. É dicir, que estamos a perder cerca do 23 % dos medios humanos e materiais cos que o banco conta en Galiza.

En 2011 contaba con 4.100 persoas empregadas e 588 oficinas. Despois de que se consume este ERE en 2016, a entidade só terá en Galiza 1.360 persoas empregadas e 159 oficinas. En cinco anos perdéronse no Banco Popular-Pastor, en Galiza, 2.734 postos de traballo e 429 oficinas e a perda do centro de decisión, da capacidade de decisión. Conclusión: Galiza perde e gana a banca. Máis unha vez volve ganar a banca, volve perder Galiza, volve perder o emprego de Galiza, volve perder o conxunto dos galegos e das galegas.

Este ERE é cualificado de inxustificado e innecesario por parte dos traballadores e traballadoras, porque aínda que a empresa presenta o ERE baixo a escusa de causas económicas, estas non se sustentan. É evidente que a reforma laboral aprobada permítelle a unha empresa presentar causas económicas aínda que non existan, permítelle falsificar ou «maquear» os resultados.

E, ¿por que non se sustentan? Primeiro, porque os informes dos resultados do grupo para o terceiro trimestre deron beneficios, deixan beneficios para o terceiro trimestre. Segundo, toda vez que os traballadores e traballadoras teñen que realizar sistematicamente horas extras continuamente. Isto significa que é necesario o persoal. Horas extras que na maioría dos casos non cobran, pero iso xa é obxecto doutra cuestión. É dicir, informes do terceiro trimestre be-

neficiosos, traballadores e traballadoras realizando horas extras, e, ademais, hai outra cuestión que nos chama poderosamente a atención no BNG, e é que hai poucos meses a entidade realizou unha ampliación de capital, supervisada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola CNMV, e na información que publicitaba esta ampliación de capital dicíase que a situación do banco era fabulosa, que a entidade era das máis eficientes do sistema financeiro, que todo ía vento en popa, e isto ratificouno a Comisión do Mercado de Valores.

Entón, o que nos preguntamos no BNG é: ¿como é posible que poucos meses despois se dea unha situación totalmente diferente á que avalou unha ampliación de capital? O que nos preguntamos é se mentiu o banco cando realizou a ampliación do capital, ou se mente agora cos datos do ERE. Unha das dúas ten que ser mentira. Non é posible que o branco e o negro sexan verdade ao mesmo tempo. Co cal, tamén nos leva a preguntar que supervisión é a que se está a facer e tamén que perfil de clientes é ao que se lle están a colocar os produtos. Isto abordarémolo noutro momento. Se se está a protexer a cidadanía da posible colocación de produtos de risco con información fraudulenta ou sen información, e, dende logo, xa tivemos probas máis que dabondo, con preferentes e demais, de cales son as prácticas. Dende logo, no BNG agardamos a que estas prácticas non se estean a reproducir, pero ese é outro tema que abordaremos noutro momento.

O que é evidente é que as consecuencias da consumación deste ERE do Pastor-Popular serán tremendamente negativas para Galiza. Primeiro, polo que significa a destrución de 390 postos de traballo directos en Galiza, coa situación laboral tremenda que temos. Segundo, pola implicación directa para o país, para a calidade de vida da xente, polo que supón de peche de oficinas. A desaparición desas oficinas, especialmente en pequenas localidades, significa a desaparición dun servizo básico de proximidade coa veciñanza. Persoas que se ven obrigadas a ter que desprazarse a outro lugar, na maioría dos casos a varios ou bastantes quilómetros de distancia, para facer xestións como cobrar a pensión, como cobrar as nóminas, para pagar recibos, para dispoñer de efectivo. É realmente tremendo que, cando a lei está obrigando a que haxa obrigación de ter unha conta aberta para a poboación, resulta que despois non se lle oferta o servizo para poder facer as xestións. E logo vén aquí o Partido Popular encher a boca dicindo que queren que Galiza sexa o mellor sitio onde ter fillos, onde desenvolver a actividade de vida, e propoñen actuacións para mellorar a situación demográfica do noso país, cando nos encontramos con que no rural as actuacións que fan son deste tipo: deixar sen ningún tipo de servizo.

A desaparición tamén significa desaparición dun indiscutible axente de dinamización da economía local, pois supón ter unha entidade cerca: créditos a autónomos, a pemes e a micropemes.

En resumo, a exclusión financeira —e fundamentalmente no rural, aínda que non só— e a rendibilidade por encima do servizo é o que está a supoñer esta cuestión. E o Goberno galego, cada vez que se producen este tipo de cuestións, nin está nin se lle agarda. Por iso no BNG presentamos esta iniciativa, demandada polos traballadores e traballadoras, que, por un lado, o que demanda é que este Parlamento se posicione a favor das súas demandas, e que insta o Goberno galego, a Xunta de Galiza, a manter unha posición activa diante da dirección do banco para que as traballadoras e traballadores afectados por este ERE... que este ERE

sexa retirado. Non sei se a estas alturas é posible, pero eu, desde logo, non coñezo que o Goberno galego fixera ningunha actuación.

Tamén demandamos que empregue todos os mecanismos que posúa para frear esta proxectada destrución de postos de traballo e que, ao mesmo tempo, realice as actuacións precisas para o mantemento de oficinas bancarias en todo o ámbito territorial de Galiza.

Parécenos que son peticións mínimas, estamos falando de peticións de mínimos de que este Parlamento debe facerlle ao Goberno galego, diante da enorme envergadura deste ERE e desta pretensión de peche de oficinas.

Agradando contar co apoio dos grupos da Cámara, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra Noela Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

A iniciativa do BNG que agora debatemos foi rexistrada o 3 de novembro, exactamente dous días antes de que se chegara a un acordo entre a parte empresarial e a parte sindical; exactamente o 85,96 % da representación sindical desta entidade a nivel estatal e o 59,8 % a nivel autonómico. Co cal, señora Prado, láméntoo, pero dende o Grupo Socialista consideramos que a mediación do Goberno galego chega demasiado tarde, que é o que propoñen vostedes nos puntos 1 e 2 da súa iniciativa.

Se o que nos pide é unha valoración sobre o acordo, déixeme dicirlle que dende o Grupo Socialista, mentres haxa unha soa perda dun só posto de traballo, nunca o imos valorar de maneira satisfactoria, porque non nos resignamos ao drama social, ao drama económico que supón para esas persoas, para os despedidos, para os seus achegados e para toda a sociedade, o desemprego. É para nós inasumible, polo tanto.

Nós descoñecemos cales foron os contactos que mantivo o Goberno galego, ou se os mantivo coa empresa ou cos traballadores. O que si que sabemos é que o presidente da Xunta se amosou publicamente, en varias ocasións, fondamente preocupado por este tema. E claro, fondamente preocupados entendo que estabamos todos e todas, pero cando un ten responsabilidades de goberno, esa preocupación tense que manifestar en feitos, e tense que manifestar en defender eses centos de traballadores e traballadoras que estaban a piques de ser despedidos.

Poderíase considerar, de todas maneiras, case antinatural que o Partido Popular viñera defender os traballadores afectados por un ERE, e máis cando foron os culpables de poñer en marcha unha reforma laboral que eliminaba o trámite de aceptación pola autoridade laboral pertinente. Esa autorización que era necesaria, e que ata, en certo modo, as organizacións

sindicais cando se sentan a negociar un acordo. E iso fai que as indemnizacións sexan, dende a entrada en vigor desta reforma laboral, moi inferiores ás que os traballadores e traballadoras tiñan antes.

As causas do ERE son múltiples no Banco Pastor-Popular, si, e é tamén unha mala xestión. Unha mala xestión dun Banco Popular que entra no ano 2004 no boom inmobiliario e que entra, precisamente, poñendo en marcha un plan que pretendía obter un beneficio de mil millóns de euros. E si obtivérono, eses directivos obtiveron os bonos millonarios a cambio da valía, do traballo e do esforzo dos traballadores e traballadoras do Banco Popular e do Banco Pastor. Despois veu a explosión da burbulla inmobiliaria, e posteriormente estes directivos non aprenderon a lección e adquiriron o Banco Pastor, deixando a esta entidade nunha situación aínda peor.

En resumo, o ERE do Banco Pastor, e non soamente este, senón tamén o de Viriato, o de Caramelo os de moitas outras empresas que se están vendo afectadas nestes últimos meses, non soamente son consecuencia, en moitos casos, dunha mala xestión por parte da dirección destas empresas; son tamén consecuencia da crise económica, e, por suposto, dunha reforma laboral do Partido Popular que flexibilizou o despido e que o facilita, e que pon, desde logo, os traballadores e traballadoras deste país literalmente aos pés dos cabalos.

A respecto do punto 3, si consideramos, señora Prado, que aínda pode haber intermediación por parte do Goberno galego. É necesario que non haxa esa exclusión financeira que o que faría sería afondar aínda máis nese desequilibrio territorial que está a sufrir o noso medio rural, en parte tamén provocado por unhas políticas da dereita que retallaron todos os servizos públicos: en persoal sanitario, en peche de escolas infantís. E, por suposto, é moi difícil, sería complicadísima a utilización da banca electrónica en moitos destes pequenos municipios, debido a que a poboación ten unha elevada idade. Por non falar do transporte, ese transporte público inexistente que os tería que levar a outras vilas ou a outros pobos a facer operacións bancarias.

Polo tanto pedímoslle unha votación por puntos, máis que nada para que non repercuta esta situación no noso medio rural, para que non soamente se favorezan os asentamentos no medio rural, senón para fixar esa poboación que aínda segue marchando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, José Manuel Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde outra vez.

O meu grupo vai votar a favor da proposición non de lei con rexistro número 669 que presenta o BNG, entre outras razóns, porque coincide no fundamental coa proposición non de lei con número de rexistro 370 que nós presentamos o 21 de outubro, recollendo as demandas dos traballadores e das traballadoras do Banco Popular-Pastor que estiveron —non sei se

recordarán— na porta deste Parlamento na súa sesión de investidura.

Estamos diante dun feito de enorme gravidade, ante o cal é incomprensible o silencio do Goberno galego e é inaceptable a súa deixación de responsabilidade. Porque neste días asistimos —creo eu— todos con tristeza, e algúns con indignación, ao penúltimo acto de desmantelamento dunha entidade financeira que forma parte da historia deste país desde hai 240 anos.

A absorción en 2011 do Banco Pastor polo Banco Popular foi unha operación de liquidación dunha entidade financeira que estaba no núcleo da economía do noso país. Sorprendentemente, foi saudada con efusividade polo Goberno galego.

O custo desa operación en termos de emprego foi demoledor. Perdemos no noso país 800 empregos. Unha distribución de emprego que se concentrou especialmente na estrutura de dirección e nos servizos centrais do Banco Pastor; que deixou de ser unha entidade financeira para converterse simplemente nunha marca comercial do Banco Popular.

E agora o Banco Popular dálle outro golpe, debilitando ata o extremo a súa estrutura en Galicia. Despede —despediu xa— 435 traballadores do noso país, dos 1.756 que tiña a día de hoxe. Pecha 42 oficinas das 226 que ten, e moitas das que mantén van abrir un día ou dous días á semana. Iso supón perder o 25 % da capacidade instalada desta entidade financeira.

Estamos diante dun enorme problema en termos de emprego, porque imos perder —perdemos xa— 435 postos de traballo en Galicia, empregos de calidade, estables, con salarios decentes e con dereitos laborais. Temos un enorme problema porque o peche de oficinas vaise concentrar nas áreas de menor desenvolvemento, e iso vai agravar a exclusión financeira que xa sofre unha parte considerable do noso país, que ten antecedentes no que ocorreu coas caixas de aforros. Estamos ante un problema porque se agrava o proceso de oligarquización do sector financeiro, cada vez máis dominado por un número moi reducido de entidades, e iso sempre supón peores condicións de acceso ao crédito tanto para empresas como para familias. Un oligopolio que agrava e afonda os riscos que ten o sector financeiro, tanto polo enorme poder que se concentra en tres entidades financeiras, que teñen a capacidade de condicionar as decisións dos gobernos, como polo risco que ese tamaño das entidades financeiras supón para a economía dun país.

Tendo en conta todo isto, eu non son quen de entender o papel do Goberno galego neste proceso. Nin unha palabra, nin unha actuación, como se non pasase nada. E eu tiña aquí algunhas preguntas que vou facer igual, pero, realmente, a actitude do Goberno galego sobre estes temas contéplase graficamente, porque lle vou facer preguntas a un goberno que espero que alomenos estea vendo pola televisión a intervención.

¿Poderíanos dicir o Goberno galego que fixo para evitar esta situación? ¿Tivo comunicación directa coa entidade? ¿Enterouse do problema pola prensa? ¿A cúpula do Banco Pastor tomou esta decisión sen falar sequera coa Xunta de Galicia? ¿Non chamou a ninguén? ¿Ningún conselleiro da Xunta de Galicia, nin o seu presidente, se puxeron en contacto co Banco Popular e co Banco Pastor? ¿Intentaron facer algo para evitalo?, ¿para pedir explicacións?, ¿para li-

mitar os efectos? ¿Todo o que fixo o Goberno da Xunta de Galicia é o que está facendo hoxe aquí? ¿Abstencionismo?

Non se me escapa a dificultade que ten actuar diante do poder financeiro, e mesmo a capacidade real da Xunta de Galicia para modificar os plans do Banco Pastor-Popular. Non se me escapa. Pero, aínda así, sería mellor recoñecer aquí que se intentou sen éxito, que se fixo o que se puido. Sería mellor iso que deixar a terrible sensación para o país da falta de interese, da inacción, da deixadez de quen ten a responsabilidade de gobernar este país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

En primeiro lugar, quero mostrar toda a nosa solidariedade coas familias afectadas polo expediente de regulación de emprego do Banco Popular-Pastor, como con calquera familia que vexa perigar os seus ingresos ou o seu posto de traballo, porque para o Partido Popular o emprego é unha prioridade, e non hai mellor política de benestar social que ter un posto de traballo, e, neste caso, manter os postos de traballo.

Dito isto, quero dicir que o noso posicionamento nesta intervención versará case exclusivamente sobre o ámbito laboral. Non entraremos a valorar a reestruturación do sector financeiro —creo que non é o momento— nin o seu impacto no territorio nin a operación de compra do Banco Pastor polo Popular, porque os que me precederon no uso da palabra xa fixeron algunha consideración, pero eu creo que non é nin o momento nin o lugar, nin tampouco temos tempo para facer unha análise o suficientemente profunda como para chegar a conclusións tan rápidas como fixo alguén que me precedeu no uso da palabra.

Nós, neste sentido, temos que manifestar o noso rexeitamento a esta proposta do Bloque Nacionalista Galego porque a día de hoxe, señorías, existe xa un acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores e das traballadoras que foi asinado —como ben dixo vostede— o pasado día 5 de novembro; un acordo que foi subscrito polo 86 % dos representantes sindicais, agás a CIG e a CGT.

Tendo presente que todo o proceso que afecta á regulación de emprego é complexo porque falamos de persoas, hai que destacar que, segundo o que se trasladou aos medios de comunicación, este acordo procurou fundamentalmente as baixas voluntarias en traballadores en idade de xubilación, alcanzando unha porcentaxe importante, superando o 80 %; outra porcentaxe máis pequena en excedencias voluntarias compensadas, e outra porcentaxe pequena tamén en indemnizacións importantes con primas de voluntariedade e antigüidade.

O número de afectados —como xa se dixo aquí— a nivel do Estado son 2.592 persoas, e o que inicialmente en Galicia eran 450 persoas, a día de hoxe os datos son de 364, non 390 como dixo vostede, señora Prado. Pero o máis importante, o máis importante, señora Prado, é que os 364 traballadores e traballadoras pediron a adhesión voluntaria, todos pediron a adhesión voluntaria, e creo, señorías, que debemos de respectar a independencia na actividade dos interlocutores sociais.

Si, a vostede faille moita graza, señor Lago, pero é que o seu sindicato asinou este ERE, o seu sindicato asinou este ERE. Entón... ¡claro! A min non me parece gracioso o tema do que estamos falando, a vostede pódelle facer moita graza; e a min tampouco me fai ningunha graza se digo que hai que respectar a independencia na actividade dos interlocutores sociais, porque seguro que cando vostede exercía de interlocutor social, señor Lago, non lle gustaría que se interferise no seu labor de interlocutor social. *(Aplausos.)*

Dito isto, señorías, tamén lles lembro que a reestruturación do emprego no sector bancario se debe, entre outras cousas, non só á redución da marxe das entidades, senón que, fundamentalmente, se debe á tecnificación no sector. Porque eu non sei, señorías, se vostedes non utilizan os caixeiros automáticos, non sei se vostedes non utilizan a banca electrónica. Pero mirenen, a utilización dos caixeiros automáticos e a utilización da banca electrónica son inversamente proporcionais ao incremento de postos de traballo. Por tanto, señorías, é unha realidade que vivimos, é unha realidade que a tecnificación do sector repercute no número de postos de traballo.

Ademais —como vostedes xa dixeron cando falaron—, efectivamente, houbo un momento que no Estado español, sobre todo o sector bancario español, aceptou un incremento desmesurado do número de oficinas bancarias espalladas por todo o país. Loxicamente, iso a día de hoxe non se sostén. Pero, señora Prado, o que resulta aínda máis sorprendente é escoitalles a vostedes falar da reforma laboral e da precariedade dos salarios, cando o Bloque Nacionalista Galego fixo un ERE no seu partido que lle afectou a máis do 50 % dos seus traballadores, utilizou a reforma laboral que tanto critican... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, si, claro... 25 días, señora Pontón, pero 12 meses, non 14; pero 25 días e non 45. Pero é que aos seus traballadores tampouco lles parecían xustas as condicións do seu ERE. Vostedes dicían que eran moi xustas. Supoño que a señora Prado non estaría nesas negociacións cando tamén lles baixaron a categoría profesional aos traballadores que quedaron traballando e os pasaron de técnicos a administrativos de cuarta categoría, cunha redución de salario do 62 %.

Remato xa, señorías.

Eu preguntome por que o Bloque Nacionalista Galego pode facer un ERE e o Banco Pastor non.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora dona Montserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Un par de cuestións.

A primeira, os traballadores e traballadoras sábeno, porque esta é a primeira vez que se pode tratar este tema neste Parlamento; é a primeira vez porque é o primeiro pleno, e é a primeira ocasión. Perderon oportunidades de ouro cando estiveron, efectivamente, ás portas do Parlamento e nin saíron a escoitar as súas posicións nin a saber o que tiñan que dicir. Non, non, non, non tiñan nada que dicir. (*Aplausos.*) E, claro, agora vén o Partido Popular mostrar solidariedade; dende o sillón. ¿Solidariedade? Pero ¿fixeron algo?, ¿moveron un dedo? Iso é o que se lles pide. A solidariedade queda moi bonita, pero o que se quere son feitos, e por parte do Partido Popular o único feito é que se alían coa banca; alíanse para impulsar medidas lexislativas para a súa única gloria, en contra dos traballadores e traballadoras, alíanse para impulsar reformas laborais que permiten que unha entidade como o Banco Pastor-Popular, con beneficios, poida facer un ERE, e logo aínda teñen aquí o tema de mirarlles á cara e dicirlles que son solidarios con eles. Deberían ter un pouco de pudor. Pero, bueno, imos deixalo aí.

A min tamén me fai moita graza que pidan aquí respecto para os interlocutores sindicais, cando vai a favor dos seus intereses. Todas as veces que traemos aquí as problemáticas dos traballadores e traballadoras non respectan a posición dos intermediadores sindicais, non, daquela non, soamente cando vai a favor da banca, da gran empresa e dos seus intereses.

É evidente que este é o primeiro pleno, por iso no BNG, dende logo, negámonos a que un tema desta entidade —estamos a falar de case 300 despidos, de todos os datos que dei antes—, pasara sen que se tratara neste Parlamento. É evidente que hai unha sinatura por parte de organizacións sindicais maioritarias no Estado, mais non maioritarias en Galiza. A organización maioritaria da entidade en Galiza, que é a CIG, non asinou este ERE.

Aínda queda unha parte por aplicar, porque hai as adhesións voluntarias, e, bueno, creo que todos e todas sabemos ao que se lle chama voluntario. Voluntario é escoller entre o malo e o peor. ¿Vostedes cren que alguén pode rematar a súa vida laboral, a súa vida profesional, voluntariamente escollendo o 75 % do seu salario, escollendo o 70 % do seu salario —os de 58—, o 75 % os de 59, o 65 % os traballadores de 55 e 57 anos...? E poderíamos seguir mirando cal é o acordo. ¿Realmente cren que alguén voluntariamente se acolle a un acordo deste tipo? Sabemos que houbo, pois, unha campaña moi proactiva para que a xente se acollera, e porque saben que, se non se acollen voluntariamente, se acollen forzosamente, porque, ademais, agora aínda queda a parte...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES:da adhesión voluntaria ao proceso de reubicación territorial. Agora é: quedan prazas aquí, escolles voluntariamente desprazarte a Madrid, ou a onde te mandemos, ou, se non, máis ERE; ou sexa, que aínda hai tempo, porque hai parte que aínda está sen aplicar.

Entón, o que pide o BNG é que este Parlamento se pronuncie respecto desta cuestión e que lle pida ao Goberno galego que se implique...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: ...que se implique en defender postos de traballo e que se implique en defender un mínimo de estabilidade financeira para o noso país, que se implique en que a exclusión financeira non se consolide do xeito brutal que se está consolidando. E, dende logo, o que pedimos é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa, señor presidente— que esta reestruturación bancaria que está tendo un resultado tan nefasto en concreto para Galiza —moito máis nefasto que para outras partes do Estado porque, evidentemente, a caixa de Madrid se salvouse e as galegas, non—... Necesitaría máis tempo ou mellor voz para...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, remate.

A señora PRADO CORES: ...poder explicar o tema. Pero o que é indignante é que un goberno galego, señoras e señores do Partido Popular, diante dunha situación tan dramática coma esta, non movera nin un dedo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, ten vostede excedido o tempo nesta intervención. Prégolle que remate.

A señora PRADO CORES: ...e se permita o luxo de estar sorrindo aquí do que é un drama para miles de galegos e de galegas e para os traballadores da entidade Popular-Pastor.

Eu laméntoo profundamente, en nome do BNG, pero sobre todo en nome dos traballadores e das traballadoras, que están mostrando moita dignidade ao non asinar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, remate xa, que xa foi avisada moitas veces.

A señora PRADO CORES: ...este ERE. *(Aplausos.)*

A señora PRADO CORES: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Publicación da iniciativa pola vía de urxencia no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 10, con data 9 do 11 de 2016.

A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja; e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Dentro do ámbito das súas competencias e, no seu caso, instando ao Goberno do Estado nas que lle competan, a evitar e impedir a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaliaxes por parte da sociedade Ferroatlántica S.A e/ou, no seu caso, dos titulares que a sucedan legalmente, esixindo o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee e Dumbría.

2.- O compromiso expreso de que manterá e esixirá o cumprimento do condicionante de non segregación, e a consecuencia xurídico-legal en suposto de incumprimento do condicionante de non segregación, e de mantemento da titularidade de Ferroatlántica S.L, ao que fai referencia o apartado cuarto da Resolución de Augas de Galicia, de transferencia de titularidade e outras cuestións, de outubro de 2013.

3.- Instar a Ferroatlántica ao mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e Dumbría, empregando os importantes beneficios que aportan as centrais hidroeléctricas na modernización das mesmas tendo en conta que o seu sector de actividade, sobre todo no ámbito do silicio metal, é das de maior crecemento no mundo.

4.- Instar a Ferroatlántica, como compensación ao dereito de explotación dun ben público como as augas dos ríos Xallas e Grande, a desenvolver ou colaborar nun plan industrial para a comarca máis alá da propia actividade das factorías actuais, como podería ser a aplicación da fabricación de silicio metal á promoción da implantación de fábricas de paneis solares.

5.- Informar a este Parlamento, así como á representación legal do persoal das factorías, da situación da titularidade dos aproveitamentos hidroeléctricos, así como dos gravames, prenda, etc, constituídos sobre os mesmos, para o cal, ademais da documentación obrante en Augas de Galicia, e dentro das competencias e potestades en materia de xestión e control das concesións hidroeléctricas, requiriralle a Ferroatlántica S.A información actualizada e detallada sobre ditas cuestións.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten aos fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

2º) Que non autorice a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande explotadas por Ferroatlántica.

3º) Que esixa á empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e Dumbría a través dos investimentos necesarios para este fin. Partido dos Socialistas de Galicia.

4º) Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de enerxía, recaian no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

«1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico».

Emenda de adición:

Engadir, no punto 2 «e traballadoras» no final da primeira liña.

Emenda de modificación.

No punto 3 substituír o texto que figura na segunda liña:

«...salvagardar os empregos, as...»

Por:

<<esixir a Ferroatlántica o mantemento dos postos de traballo na factoría de Cee así como o mantemento das...>>

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

<<4. Demandar da empresa un plano industrial para as fábricas de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas sobre a base da non segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes e dun plano de inversións derivados da explotación hidráulica dos nosos ríos>>.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Miguel Ángel Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos.

O pasado 26 de outubro, mediante un comunicado de prensa e logo dunha xuntanza do Comité de Empresa de Ferroatlántica, a dirección da empresa trasladaba a súa intención de vender as súas centrais hidroeléctricas, dado o interese que outras compañías lle amosaron pola súa compra. Esa intención expresada afectaría as centrais situadas no río Xallas e no río Grande, cuxa concesión está vencellada ás actividades de ferroaleacións que a empresa desenvolve na Costa da Morte.

Aínda non habendo ningunha proposta en firme, aínda non habendo ningunha proposta enriba da mesa da Xunta de Galicia, aínda que non hai nada escrito nin presentado oficialmente perante o Goberno galego, hoxe presentamos esta iniciativa para facer fronte a esa incerteza que ten creado só o rumor de que esa posibilidade poida ser certa.

E presentamos esta iniciativa porque ninguén nos ten que explicar a importancia da actividade de Ferroatlántica para a zona, non xa para os concellos de Cee e Dumbría, onde se sitúa a súa actividade, senón para toda a Costa da Morte.

Esta empresa foi o motor económico dunha área cun tecido industrial feble e contribuíu durante décadas á creación de postos de traballo, mellor retribuídos cós da media dos outros sectores desa mesma comarca, coa conseguinte capacidade para fixar poboación, coa conseguinte capacidade para xerar actividade económica indirecta en toda a contorna. Así foi e así queremos que siga sendo.

Pero a súa relevancia foi máis alá. A actividade industrial de Cee e de Dumbría contribuíu decisivamente á implantación de servizos e á mellora das infraestruturas nas poboacións colindantes. O desenvolvemento económico produciu un efecto multiplicador en toda a Costa da Morte, no benestar da sociedade, que tamén é necesario poñer de manifesto.

Esta realidade alongouse no tempo e hoxe Ferroatlántica emprega directamente unhas catrocentas persoas en dous concellos, que, se sumamos a súa poboación, apenas superan os 10.000 habitantes.

Por iso, calquera que fosen os cambios que se poidan producir no plantel de traballadores desas empresas, terían unha repercusión moi seria e unha repercusión inmediata na economía desa comarca. Esta mesma realidade é a que nos obriga a afrontar esta cuestión cunha especial sensibilidade cara á cuestión do emprego, cara aos traballadores que se poden ver afectados pola situación que está a atravesar Ferroatlántica; os mesmos que, preocupados polo seu futuro, levan semanas mobilizándose e os mesmos que o Goberno está a escoitar, o Goberno e todos os grupos parlamentarios que conforman o Parlamento de Galicia. Os traballadores e os cidadáns da comarca deben sentir que son a nosa principal preocupación, que son a preocupación das institucións, e as institucións deben trasladarllelo de tres xeitos, na nosa modesta opinión:

Primeiro, velando pola legalidade das actuacións e os movementos da súa empresa, garantindo a máxima seguridade xurídica. A Administración debe estar vixiante ante calquera eventualidade que poida supoñer unha actuación en contra do interese xeral na actividade dunha concesionaria, como é o caso que nos ocupa.

En segundo lugar, informando os traballadores —como xa fixemos, como fai o Goberno galego— das novidades que sucedan con respecto á evolución do proceso anunciado por parte da empresa, pero do proceso aínda non iniciado, porque só sendo transparentes poderán estar tranquilos ante a lóxica incerteza que supón só o anuncio.

O Goberno debe manter un diálogo fluído cos representantes dos traballadores e os axentes sociais da zona que poidan verse afectados. Nese sentido, márcanse as xuntanzas que xa mantivo o propio conselleiro de Economía e Industria e outros membros do Goberno galego, tamén as xuntanzas dos distintos grupos parlamentarios.

En terceiro lugar, asegurándolles que tanto a actividade da empresa como a súa competitividade están garantidas, de xeito que non se poñan en perigo nin os postos de traballo nin as condicións tampouco do emprego. Calquera solución a esta situación debe pasar polo compromiso coa carga de traballo, a viabilidade da empresa e os investimentos na zona.

O compromiso do grupo maioritario ao que hoxe lle dou voz nesta tribuna arredor desta cuestión queda fóra de toda dúbida, pois nós participamos nunha votación similar neste mesmo Parlamento de Galicia hai uns meses na mesma dirección á que hoxe plantexamos.

Os traballadores de Ferroatlántica poden estar seguros de que tanto este grupo como estou seguro de que —con toda seguridade— o Goberno galego e creo que o conxunto desta Cámara están ao seu carón, non para saír na foto. Non se trata de saír en fotos, non, non, do que se trata é de garantir, efectivamente, que se manteñen os postos de traballo e a actividade económica na Costa da Morte. Eu creo que esa é a prioridade. O das fotos está moi ben, pero iso non dá postos de traballo. O das fotos é o de menos.

Por iso, o Grupo Popular propón a este Parlamento a adopción da seguinte resolución. A nosa proposta, que queremos someter á consideración do conxunto dos grupos que conforman a Cámara, é instar a Xunta de Galicia a tres cuestións: en primeiro lugar, a que faga os estudos técnicos e xurídicos oportunos sobre a anunciada proposta de venda, feita por Ferroatlántica, das centrais hidroeléctricas que posúe no río Xallas e Grande en relación coa súa compatibilidade co condicionado existente nas resolucións administrativas de titularidade destas centrais. Polo tanto, o que pedimos é que se fagan os estudos técnicos e os estudos xurídicos e que se garanta a seguridade xurídica en todo caso.

En segundo lugar, que manteña informados puntualmente os traballadores das centrais e fábricas de Cee e de Dumbría dos diferentes acontecementos que vaian xurdindo en relación con esta cuestión, tendo en conta que ata o día de hoxe aínda non hai enriba da mesa ningunha proposta formulada pola empresa.

E, en terceiro lugar, que todas as actuacións que realice en relación con este asunto vaian dirixidas a salvagardar os empregos, as actividades industriais, as actividades enerxéticas e a competitividade das empresas.

Nós cremos que hoxe lle toca a esta Cámara lanzar unha mensaxe de tranquilidade aos traballadores de Ferroatlántica, ás súas familias e ao conxunto da poboación da Costa da Morte. Do que se trata é de non facer política cunha cuestión que aínda non foi nin sequera presentada pola cuestión. Do que se trata é de tomar acordos ante a posibilidade que está enriba da mesa, pero sendo conscientes e sabendo a responsabilidade que está en torno a esta Cámara e ao futuro da Costa da Morte.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Puntualizo, señor Tellado, que non é un rumor, é unha información pública e recoñecida polo señor Larrea nas reunións co comité de empresa e nas reunións tamén con cargos institucionais, como tamén lle constará a vostede.

O primeiro que lles quero pedir, señores do Grupo do Partido Popular, en nome do Bloque Nacionalista Galego, é que, por favor, se lles queda algo de dignidade, retiren esta proposta. Retiren esta proposta, por favor, para non dar un paso atrás, para non xogar coa vida dunha comarca enteira, que volve ter sobre si a espada de Damocles da venda das centrais do río Xallas.

Reclamamos a retirada, porque desde o BNG, con toda sinceridade, ollamos con preocupación o seu cambio de posición, porque, malia a súa retórica, señor Tellado, malia ternos repetido unha e outra vez tamén o señor Feijóo no inicio desta lexislatura que tiña a man tendida para os consensos e demais, malia todo iso, na práctica o texto que vostedes presentan o que re-

presenta é romper co consenso que, efectivamente, tiña acadado esta Cámara o pasado 18 de febreiro de 2016. Menos de nove meses lles valeron a vostedes para cambiar de opinión e para pretender introducir un cambio na redacción, que está moi lonxe de tranquilizar os traballadores e traballadoras, que están agora mesmo pechados e pechadas no Concello de Cee.

A nosa iniciativa —iniciativa que se aprobou no Parlamento galego en febreiro— era bastante clara, e posicionábase en contra da segregación. A vosa proposta abre unha porta a especular coas centrais do río Xallas, algo que é gravísimo. Non contentos vostedes con que Ferroatlántica xa aplique un modelo de explotación absolutamente neocolonial, que esquilma os nosos recursos e que destina a maior parte das súas ganancias a recursos para fóra —porque poucos investimentos fixo nas fábricas que ten instaladas na Costa da Morte nestes últimos vinte e cinco anos, como ben saberá—...

É unha proposta que abre unha venda que sería a morte para Ferroatlántica, para eses case 400 postos de traballo e para todos os postos de traballo que se xeran indirectamente nesa comarca; é dicir, supoñería poñer punto e final a unha comarca enteira, porque o impacto sería gravísimo.

Vostedes rompen cun consenso desta Cámara, un acordo político que naceu dun consenso político e social, tamén noutras institucións, tamén na Deputación da Coruña recentemente, tamén en moitos concellos da Costa da Morte; concellos tamén, algúns deles, dirixidos directamente polo Partido Popular, polo que, se ese texto vale para os concellos que vostedes gobernan, preguntome por que non vale para esta Cámara, por que queren ir achairando o camiño para o cambio de discurso, por que agora teñen medo a dicir abertamente non á segregación de Ferroatlántica, das centrais hidroeléctricas da produción industrial, e por que teñen medo a dicir non á venda das centrais hidroeléctricas.

¿Que é o que agochan, señores do Partido Popular? ¿Que é o que teñen falado co señor Villar Mir por detrás? Porque o señor Villar Mir hai que recordar que é un gran amigo do Partido Popular, efectivamente, por iso aparece nos papeis de Bárcenas, nos papeis de Granados, por iso financiou ata a Casa Museo de Fraga, por iso protagonizou incluso ese fatídico e ridículo episodio da nosa historia como país no que un presidente da Xunta inaugurou co señor Villar Mir unha ferverza, a do Ézaro, que, precisamente, vía interrompida a súa actividade pola actividade de Ferroatlántica, na que estaba tamén, por certo, con outro colega dos señores do Partido Popular, Carlos del Álamo, aquel señor das portas xiratorias de Ence.

Desde o BNG nós preguntámonos: ¿por que se baixo a luz do raciocinio non hai motivos para non opoñerse á segregación das actividades e para non opoñerse a esa venda, o Partido Popular comeza a introducir estes cambios no discurso? ¿Por que? ¿E por que se para Villar Mir en Aragón é absolutamente imprescindible para as súas contas vincular as centrais hidroeléctricas daquela contorna xeográfica á produción das fábricas non o é para aquí? ¿Non será que o señor Villar Mir non quere facer unha operación especulativa para ter diñeiro co que pagar as súas débedas, coa complicidade da Xunta de Galiza, e así ir avanzando nunha progresiva redución de traballo nestas fábricas que acabe supoñendo unha práctica totalidade da fin da actividade? ¿Non será por iso?

Entón, eu preguntome: ¿por que non respectamos o acordo do Parlamento? ¿Por que non respectamos dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo que avalan a non segregación? ¿E por que non respectamos a vontade dun pobo, a vontade dos traballadores que están en Cee, efectivamente, señor Tellado, agardando diálogo, agardado que vaia o señor Feijóo alí desculparse con eles e explicarlles que é o que sabe realmente? Porque por algo terá convocada unha reunión de alcaldes para o vindeiro venres, ¿non? ¿Será que hai algunha información que aínda non nos queren dar aquí, non?

Entón, teñan un pouco de valentía, fagan que me teña que desculpar nesta Cámara, fáganse realmente militantes de Galiza e comprométanse co non á venda das centrais e á especulación cun recurso de todos e de todas os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Para min tamén é un honor estar aquí por primeira vez. Boa tarde a todos.

O señor PRESIDENTE: Descúlpeme, foi un erro meu, porque primeiro ten que falar o Partido Socialista. Se non lle importa..., descúlpeme. É erro meu, desculpe.

Correspóndelle ao Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Moitas grazas.

Boa tarde.

Primeiro, quixera mostrar o noso apoio e a nosa solidariedade cos traballadores de Ferroatlántica, cos traballadores e traballadoras e sobre todo coas súas familias, porque, de certo, están pasando un mal momento. É unha situación dura, eu diría que unha situación angustiada. *(Aplausos.)*

Presenta o Grupo Popular esta iniciativa, unha iniciativa que non nos di nada, porque é ambigua, e ademais pola vía de urxencia; unha urxencia que non mostrou para convocar a reunión cos alcaldes da Costa da Morte, xa que hoxe pola mañá —precisamente hoxe pola mañá, na mesma mañá do pleno— é cando convocou os alcaldes da Costa da Morte para unha reunión o venres ás cinco.

Pregúntolle tamén se van recibir os traballadores e as traballadoras, a súa representación legal. Están esperando no Concello de Cee, alí, nun encerro, precisamente a que os reciban. E di que é pola situación da Costa da Morte, da nosa Costa da Morte, que ten unha taxa de desemprego de en torno a un 20 %. ¡É que estamos a sufrir unha auténtica sangría demográfica! Fálanos dun importante efecto multiplicador dos servizos, e eu dígolle que non, que, ao contrario, estamos a sufrir unha importante redución dos servizos públicos como consecuencia, precisamente, desa sangría demográfica.

A empresa ten a concesión para explotar os nosos recursos, os nosos recursos naturais, e beneficiouse de concesións públicas co compromiso do mantemento do emprego e da creación de postos de traballo; ten a declaración de utilidade pública para a expropiación de terreos e para a construción e explotación das centrais dos ríos Xallas e Grande —expropiación de terreos dos veciños e veciñas—; e ten, ademais, a licenza de abrir a fervenza, que é un elemento turístico da nosa costa e da nosa comarca, nos días e nas horas segundo o seu antollo.

Xa no ano 1992 se mobilizou a comarca enteira contra esta segregación, contra a utilización dos nosos recursos para a produción dos nosos activos sen cumprir co investimento prometido na comarca, en Cee e en Dumbría, porque, se comprometeu eses investimentos, ¿onde está ese terceiro forno da fábrica de Dumbría? E, ademais, no ano 2012, resulta que subscribiu un *leasing* de 120 millóns de euros, dos cales só investiu na Costa da Morte 6,6 millóns, un *leasing* sobre as concesións das centrais hidroeléctricas.

Así pois, ¿cal é a situación? Pois a situación está clara: que dende outubro se está a vivir unha situación de incerteza, unha situación de angustia, porque as centrais hidroeléctricas dependen dos nosos recursos, da comarca, dos ríos, dos seus encoros, mentres que a produción de ferroaleacións se pode realizar en calquera outra parte do territorio, e unha empresa destas características na que nos últimos vinte e cinco anos non se fixeron investimentos non pode ser competitiva.

Polo tanto, a viabilidade da empresa pasa unicamente pola non segregación, despois das inxentes axudas públicas que ten recibido, por exemplo, a ampliación do porto de Brens, que se fixo basicamente para darlle servizo, e porque a realidade non é outra que a venda dos activos hidráulicos para logo investilos noutro lado.

Por todo isto, polo propio reequilibrio territorial, ¿como se vai levar a cabo o seu reequilibrio territorial?, ¿como se vai poder vivir?, ¿como se vai poder traballar?, ¿como se vai poder investir na Costa da Morte? Explíquenos como van facer iso, porque a Costa da Morte é unha comarca moi desfavorecida e coa que a Xunta ten desde hai tempo unha débeda moi grande, porque sobre todo os intereses dos galegos e das galegas teñen que estar moi por riba dos intereses dos empresarios.

Nós non imos aceptar a súa iniciativa, loxicamente, porque nós queremos un compromiso serio, un compromiso rigoroso, con medidas concretas e non unha declaración de intencións.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: *Bis*, imos facer un *bis*.

Boa tarde.

Repito, sinto orgullo de estar aquí por primeira vez como representante das cidadás e cidadáns da Coruña, que é a miña xurisdición, e de toda Galicia.

O primeiro, saudar os traballadores e traballadoras de Ferroatlántica, que están nestes momentos pechados no Concello de Cee na defensa dos seus postos de traballo e do futuro da Costa da Morte.

A mobilización é importante; a mobilización social é fundamental para influír tamén nas maiorías parlamentarias, e é totalmente lexítima. E queremos facer un apunte inicial. A autorización administrativa das centrais de Ferroatlántica, o seu traspaso ou cesión son competencia exclusiva da Xunta de Galicia. Aquí non se pode botar a culpa a ninguén; é total responsabilidade do noso Goberno.

Ante a proposta do Partido Popular de facer un estudo xurídico e técnico sobre a posible compatibilidade da venda das centrais co condicionado da concesión das ditas centrais, propoñemos que aforren o traballo. O traballo xa o fixeron os funcionarios da Xunta de Galicia, os letrados da Xunta de Galicia, no ano 1996; un traballo espléndido, por certo. Se len a sentenza, tanto do Tribunal Superior de Galiza como do Tribunal Supremo, poderán ver o bo traballo que se fixo e a contundencia e a solvencia absoluta legal das ditas sentenzas.

Penso que non fai falta maior garantía xurídica que unha sentenza do Tribunal Superior de Galiza. É unha sentenza enormemente contundente —recoméndolle que a lean— do Tribunal Supremo. ¿Para que máis estudos? ¿Algún xurista vai levar a contraria a dúas sentenzas dos tribunais máis importantes que hai no Estado español?

E penso que non é unha escusa, porque na miña longa traxectoria profesional en moitas empresas, en moitos sitios onde traballei, sempre se dicía: cando non se quere resolver algo, ou se monta unha comisión ou se fai un estudo. Espero, de verdade, que ese non sexa o caso. Xa teñen o traballo feito, xa teñen toda a garantía xurídica e xa teñen todo o estudo de oposición ao segregamento, e ademais moi, moi ben feito, pódeno ver e ler.

Esperemos que o tema de facer un novo estudo, de facer un novo estudo técnico ou xurídico, non sexa unha artimaña para abrir a posibilidade dun novo pelotazo do señor Villar Mir e poñer en risco as factorías de Cee e de Dumbría. Eu espero e confío en que non sexa así. Pero recoméndolles que olviden o tema de facer novos estudos técnicos ou xurídicos.

E, recollendo a proposta do señor Tellado de responsabilidade, como espero que esa responsabilidade implique que, de verdade, queren dar solución definitiva a este problema, invitámolos a que apoien as nosas emendas á súa proposta, que non son emendas de En Marea, son as emendas de Cristina Guerrero, de Santiago Paz, de Pedro Pérez, de Suso Casais e de todos e de todas as traballadoras de Ferroatlántica. Aceptándoas, non darán a razón a En Marea, darán a razóns ás traballadoras afectadas e aos traballadores afectados. E concrétanse de maneira moi concisa —¡como avanza o reloxo!—, dentro das súas competencias, señor conselleiro, señor presidente da Xunta —que non está, pero, bueno, seguro que despois me escoita—, en: evitar e impedir a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes por parte da sociedade Ferroatlántica; en non facer estudos; en deixar

claro que van evitar e impedir a segregación; nun compromiso expreso de que manterán e seguirán o cumprimento do condicionante que está no prego de concesións das centrais neste momento, de que non o van modificar —porque, claro, se o modifican, entón, si que podería haber problemas xurídicos; se manteñen o seu compromiso de non modificar o condicionante de segregación, non vai haber ningún problema—; en instar a Ferroatlántica ao mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías de Cee e de Dumbría, empregando os importantes beneficios que aportan as centrais hidráulicas na modernización das mesmas —cousa que non se está a facer nestes momentos e durante moitos anos—; e en instar a Ferroatlántica, como compensación ao dereito de explotación dun ben público —como son as augas do río Xallas e Grande—, a desenvolver ou colaborar nun plan industrial para a comarca, máis alá da propia actividade das factorías actuais, sobre todo tendo en conta que o sector do silicio metal, que é unha das posibles actividades que poderían desenvolver as factorías de Cee e de Dumbría, é un dos sectores industriais con maior crecemento no mundo, e poderíase concretar en industrias auxiliares, por exemplo, de produción de paneis solares na zona.

E, por último —como tamén vostede pedía—, que nos teñan perfectamente informados, tanto á representación local dos traballadores como a esta Cámara, da situación da titularidade para que non haxa que empezar a investigar realmente de quen son as centrais a partir de todos os *leasings* e de todas as prendas que se fixeron sobre as mesmas.

Hai que definirse claramente. Este tema non é difuso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Aquí hai que definirse claramente: ou se está coas traballadoras e traballadores de Ferroatlántica e coa xente da Costa da Morte ou se está co señor Villar Mir, non hai termo medio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

O señor Casal vén innovar aquí no parlamentarismo galego. O que nos pide é que se rexeite unha hipotética segregación que aínda non foi solicitada por ninguén e que se faga sen informes xurídicos nin técnicos. ¡Vamos!, vostede vén aquí propoñer que o Goberno galego prevarique. Non sei se vostedes, se fosen goberno, actuarían así; nós, dende logo, cremos que o pobo galego é sabio, e por iso nas eleccións do 25 de setembro pasou o que pasou.

Miren, señorías, as eleccións xa pasaron, as urnas pecháronse. Houbo un recuento e houbo un resultado. Eu o que lles pido é que abandonen o electoralismo, que non utilicen as in-
quedanzas da xente para promover cousas como as que hoxe vimos.

Miren, vostedes non teñen o monopolio da representación da xente. (*Aplausos.*) Se hai alguén que está traballando polos empregados de Ferroatlántica e por toda a Costa da Morte é o Goberno galego; ese é o noso interese.

Piden vostedes o rexeitamento radical dunha proposta que nin sequera foi presentada oficialmente por parte da empresa. Sexan vostedes responsables. Iso é o que fan, que se rexeite unha proposta que aínda non existe. E, mire, a Administración fala con papeis; non se pode rexeitar unha proposta que non existe. Esa é a realidade.

Nós propoñemos que entre todos adoptemos un acordo firme, un acordo unánime, en defensa dos intereses dos traballadores de Ferroatlántica e en defensa do emprego. ¿As premisas básicas? Respecto escrupuloso á legalidade; garantir o mantemento de todos os centros de traballo; e garantir o mantemento dos empregos e da calidade do emprego. Que ninguén teña ningunha dúbida, a Xunta de Galicia vai velar en todo momento polo interese público e polo mantemento do emprego en Cee e en Dumbría. Non sei se vostedes, coa súa actitude, están facendo iso ou completamente o contrario.

O Goberno galego escoitou, escoita e escoitará os traballadores e os seus representantes. Pero o único certo é que a día de hoxe a Xunta non recibiu ningunha solicitude oficial por parte da empresa nesa dirección, e ese é un feito innegable.

Sorprende o posicionamento de En Marea —teño que dicirillo—, contradise o que din aquí co que din no Congreso, porque, se vai vostede ao *Boletín Oficial das Cortes* do día de hoxe, verá que se recolle unha iniciativa presentada polo grupo de En Marea, pola señora Yolanda Díaz, que, no seu punto 3, di: «*Promover ayudas de Estado permitidas por la Unión Europea para modernizar la factoría de Ferroatlántica, S. A., en Cee, en A Coruña, mejorando su eficacia...*». ¡Ayudas públicas! ¿Pero quién quiere beneficiar aquí al señor Villar Mir? (*Risos.*) ¿A quién acusan ustedes de querer beneficiar al señor Villar Mir? (*Aplausos.*) ¿Es que vienen aquí a decir una cosa y van al Congreso de los Diputados a decir lo contrario? Señor Casal, actualicen el argumentario, llamen al 91... y lo que sea, y pónganse de acuerdo.

Mire, sorprende porque desde de En Marea están en el discurso de siempre: hay empresas buenas y empresas malas. Es lo de siempre, ya los conocemos.

Aí está a central térmica das Pontes, vostedes queren pechala. ¿Reganosa? Hai que pechala. (*Murmurios.*) ¿Ence? Hai que pechala. ¿Rozas? Nada de nada, que non se faga nada. ¿A ampliación de Citroën? Tamén en contra. Señor Casal, déame a súa opinión, que en Navantia se fagan corbetas para Arabia Saudí... O seu xefe, o señor Pablo Iglesias, está en contra.

Mire, nós defendemos o emprego en Galicia, a reindustrialización de Galicia. E a nós vains atopar sempre no mesmo lugar; a vostedes, aquí dicindo unha cousa e en Madrid pedindo diñeiro para o señor Villar Mir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: As emendas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor.

Sobre as emendas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Si, sobre as emendas, queda claro que vostedes propoñen algo que non se pode facer...,

O señor PRESIDENTE: ¿Non as acepta, logo?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que é un posicionamento sobre algo que nin sequera foi presentado.

Nós propoñémoslle...

O señor PRESIDENTE: ¿Non as acepta?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...mandar unha mensaxe clara aos traballadores de Ferroa-tlántica: que este Parlamento defende o emprego...

O señor PRESIDENTE: Non acepta as emendas. Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e a industria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.


O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e dezasete minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25